

# Barómetro da cultura galega 2022

DOI: 10.17075/bcg.04.2022

## 1. Introducción e metodoloxía

No ano 2020 o Consello da Cultura Galega promoveu a posta en marcha dun traballo de investigación co fin de explorar a situación das empresas culturais galegas e avaliar o impacto da crise sanitaria no ámbito cultural. O obxectivo era describir o estado, evolución, necesidades e perspectivas das empresas culturais galegas, para o que se deseñou unha mostra representativa destas, ás que se lles realizou unha enquisa cunha periodicidade semestral. Os primeiros resultados deste estudo foron publicados no mes de xullo de 2020 baixo o título “Barómetro da cultura galega I”<sup>1</sup>. Neste informe dábase conta dos problemas das empresas culturais galegas para

<sup>1</sup> [http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2020\\_Barometro-da-cultura-galega-I.pdf](http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2020_Barometro-da-cultura-galega-I.pdf)

afrontar a severa caída da súa facturación e o aumento de despedimentos. En marzo de 2021 publicouse a segunda entrega do barómetro<sup>2</sup>, no que se comprobaba que as políticas destinadas á preservación do emprego e das empresas, así como as de investimentos, estaban a atenuar os efectos da crise. Os resultados indicaban que a situación da actividade das empresas culturais galegas empezaba a mostrar unha relativa adaptación á denominada “nova normalidade”, con diferenzas segundo actividades, xa que as artes escénicas eran as que se atopaban en peor situación. Dos resultados do informe tamén se extraía que entre os principais desafíos estaban os de desenvolver e adaptar as tecnoloxías dixitais ás novas circunstancias, promover unha economía galega competitiva que favorecese a internacionalización, apoiar os axentes e as empresas culturais e deseñar políticas culturais a longo prazo que protexesen e retivesen o capital humano propio.

A publicación do “Barómetro da cultura galega III”<sup>3</sup> no mes de xullo de 2021 mostraba o avance da actividade das empresas culturais galegas cara á recuperación. De novo, o sector máis danado era o das artes escénicas. Nesta terceira edición do barómetro tamén se analizaron as repercusións dos programas de axudas públicas para as empresas da cultura ás que se acolleron dúas de cada tres.

O presente traballo trata de dar continuidade a este tipo de investigacións, pero ampliando o universo a todos os axentes da cultura. Os resultados proveñen das respostas a un cuestionario administrado a unha mostra representativa do universo cultural galego, na que finalmente participaron un total de 902 representantes de entidades (empresas, asociacións, fundacións, administracións públicas...). Para o deseño mostral partiuse dese obxectivo de abarcar un universo maior que o dos barómetros precedentes, contando con todo o sector, tal e como se define en documentos normativos internacionais. As principais referencias para a delimitación do sector foron as seguintes:

---

<sup>2</sup> [http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2021\\_Barometro-da-cultura-galega-II.pdf](http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2021_Barometro-da-cultura-galega-II.pdf)

<sup>3</sup> [http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2021\\_Barometro-da-cultura-galega-III.pdf](http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2021_Barometro-da-cultura-galega-III.pdf)



- Marco de estadísticas culturais da UNESCO<sup>4</sup>.
- Informe final da Rede do Sistema Estatístico Europeo de Cultura (ESSnet-CULTURE)<sup>5</sup>.
- Conta Satélite da Cultura de España<sup>6</sup>.
- Conta Satélite da Cultura de Galicia<sup>7</sup>.

En xeral, todos os sistemas de clasificación que se empregan combinan unha matriz de actividades (patrimonio, edición, artes escénicas etc.) cunha de funcións ou fases (creación, produción etc.). Todas estas clasificacións se empregan como base para facer unha delimitación do universo. As actividades que se recollen no presente traballo baséanse principalmente nas recollidas na Conta Satélite da Cultura (CSC) de Galicia, ás que se engaden a educación cultural, as actividades de tradución e interpretación, videoxogos e outras actividades informáticas relacionadas coa cultura. Todas son actividades culturais que, por razóns relacionadas coa ausencia de fontes de información, non se incluían na CSC de Galicia.

En canto á proporción que as actividades supoñen na cultura galega, tal e como se recolle na CSC de Galicia, o sector que máis achega á produción é o chamado de artes visuais, que inclúe actividades de deseño, fotografía, creación artística e de fabricación e comercio de bens relacionados con elas, así como algunhas fases da arquitectura e da publicidade; a segunda en importancia é o sector do libro e da prensa; en terceiro lugar atópase o audiovisual e multimedia (radio, televisión, cine, vídeo e música gravada); a cuarta é o sector das actividades de explotación do patrimonio artístico e monumental, arquivos e bibliotecas; a quinta compoñena as artes escénicas (teatro, ópera, concertos musicais e outros moitos tipos de espectáculos escénicos en vivo) e a última é a chamada interdisciplinar, que recolle a actividade de regulación das administracións públicas.

---

<sup>4</sup> <http://uis.unesco.org/sites/default/files/documents/unesco-framework-for-cultural-statistics-2009-sp.pdf>

<sup>5</sup> [https://ec.europa.eu/assets/eac/culture/library/reports/ess-net-report\\_en.pdf](https://ec.europa.eu/assets/eac/culture/library/reports/ess-net-report_en.pdf)

<sup>6</sup> <https://www.culturaydeporte.gob.es/dam/jcr:23c91b0f-248f-4034-ab1b-86823abac608/cuenta-satelite-de-la-cultura-en-espana-metodologia-revision-2019.pdf>

<sup>7</sup> [https://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_CSCultura2011\\_Base2010\\_gl.pdf](https://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_CSCultura2011_Base2010_gl.pdf)



A proporción de unidades de cada sector que se investiga calculouse polo peso que se lles atribúe na CSC de Galicia. Cando esta fonte non permitiu calcular o peso, consultouse a CSC de España. Para determinar a distribución interna dalgún subsector acudiuse a distintas fontes estatísticas, preferentemente de ámbito galego; pero, cando non foi posible, obtivéronse datos de España e aplicáronse as proporcións correspondentes. Finalmente, unha vez feita a mostra, creáronse segmentos que agrupan conxuntos de actividades cun número mínimo de unidades, ás que se lles aplicou un factor de ponderación calculado a partir da proporción que representan nas fontes anteriores.

A unidade mostral é a “empresa estatística”, a combinación máis pequena de unidades xurídicas que produce bens ou servizos e que goza de certa autonomía de decisión para empregar os recursos dos que dispón. Con todo, nalgúns casos non foi posible xa que moitas entidades contempladas nas clasificacións de estatísticas culturais comprenden actividades que non son unha unidade estatística, senón que forman parte dunha estrutura superior. En calquera caso, tívose en consideración a autonomía das entidades para incluílas na mostra, é dicir, que posúen personalidade xurídica propia ou que, polo menos, gozasen de certa autonomía na toma de decisións e que tivesen unha persoa responsable con coñecemento do funcionamento da súa actividade, estrutura, necesidades etc. O suxeito ao que se lle pide que conteste as preguntas do cuestionario é persoal directivo/responsable.

Ademais, as unidades que se incluíron finalmente no universo partiron dunha preselección utilizando un criterio de actividade recente, é dicir, que se puidese constatar por algún medio que realizaron actividades relacionadas coa cultura, polo menos no ano de referencia anterior ao de investigación. Todas as unidades mostrais se clasifican por actividade a partir dun código CNAE-2009 de catro díxitos. Posteriormente, realizáronse segmentacións agrupando as actividades ata o nivel de desagregación máximo posible que non coincide coa segmentación da CSC de Galicia, para tratar de ofrecer un grao de desagregación maior. Así mesmo, todas as unidades se clasificaron como unha unidade institucional en empresas, unidades gobernamentais con responsabilidade orzamentaria (ad-

ministracións) e institucións sen fins de lucro. As fases contempladas dentro de cada actividade foron: creación e produción, fabricación, difusión, distribución e comercialización e actividades de promoción e regulación.

Tal e como se acaba de sinalar, a mostra veu definida pola actividade específica das entidades que conforman o universo cultural galego en relación coa súa achega á CSC de Galicia. Deste xeito e tras realizar as oportunas ponderacións, comprobouse o peso destacado do segmento das artes visuais (31,4%), que inclúe pintura, escultura, fotografía, arquitectura, publicidade, deseño etc. En segundo lugar sitúanse as entidades relacionadas co audiovisual (cine, vídeo, radio, televisión e actividades relacionadas), que constitúen o 14,9%. Superan tamén o 10% as entidades dedicadas á educación cultural (academias, escolas e conservatorios de música, artes escénicas, artes visuais etc.), como terceira actividade con maior presenza no universo de estudo. Entre o 5% e o 10% sitúanse actividades como a edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas (9,4%), as artes gráficas e actividades relacionadas (7,5%), o comercio de libros e publicacións periódicas (7,3%) e os museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural (5%). As entidades vinculadas co teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas supoñen o 4,2%. Os demais segmentos desta clasificación presentan pesos relativos inferiores ao 4%, que se corresponden, en todo caso, co seu peso económico no conxunto do universo da cultura galega, de acordo cos datos obtidos da conta satélite e das demais fontes consultadas.



### Entidades segundo a súa actividade específica

	Porcentaxe
Artes visuais	31,4
Audiovisual e actividades relacionadas	14,9
Educación cultural	10,4
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	9,4
Artes gráficas e actividades relacionadas	7,5
Comercio de libros e publicacións periódicas	7,3
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	5,0
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	4,2
Actividades das administracións públicas <sup>8</sup>	3,8
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	3,3
Música	2,8

Fonte: Elaboración propia

En función do tipo de entidade, 7 de cada 10 elementos do estudo son empresas, mentres que o 15,3% forma parte dalgunha administración pública<sup>9</sup> e o 14,6% son entidades sen ánimo de lucro.

### Tipo de entidade

	Porcentaxe
Empresas	70,1
Administracións públicas	15,3
Entidades sen ánimo de lucro	14,6

Fonte: Elaboración propia

Outro elemento de segmentación das entidades que compoñen a mostra vén da man do seu nivel de facturación en 2021 (no caso das empresas) ou do orzamento (no caso das administracións e entidades sen ánimo de lucro). Atendendo a esta característica, comprobouse que o 32% das entidades enquisadas se atopa por debaixo dos 50.000 euros. O seguinte grupo con maior presenza na mostra é o de 50.000 a 149.999 euros, cun 25,4%, polo que o 57,4% da mostra se sitúa nos dous treitos inferiores na escala por volume de facturación, mentres que un 12% presenta un volume facturación de 500.000 euros en diante. Un 9,2% declinou contestar esta pregunta.

<sup>8</sup> Neste segmento están as actividades de regulación das AA.PP., é dicir, a actividade dos departamentos de cultura dos diferentes niveis administrativos, axencias etc.

<sup>9</sup> Aquí atópanse todas as entidades que dependen directamente das AA.PP., ademais das actividades de regulación daquelas, como bibliotecas, arquivos e museos públicos etc.



### Entidades segundo a súa facturación/orzamento en 2021

	Porcentaxe
Menos de 50.000 €	32,0
De 50.000 a 149.999 €	25,4
De 150.000 a 499.999 €	21,3
500.000 € ou máis	12,0
Ns/Nc	9,2

Fonte: Elaboración propia

O volume de persoal é, xunto co volume do orzamento/facturación, o outro indicador preferente para describir o tamaño das entidades que conforman a mostra do presente barómetro. Na liña do observado en referencia ao orzamento, este indicador tamén mostra o predominio das entidades de menor tamaño, pois o 43,1% conta só con 1 ou 2 empregados/as, e o 22,4% ten entre 3 e 5 traballadores/as, de tal xeito que dúas de cada tres entidades contan con cinco ou menos empregados. No extremo contrario, un 10,9% conta con máis de 10 persoas asalariadas.

Dado que a mostra inclúe tamén organizacións sen ánimo de lucro e cunha forte compoñente de voluntariado, o 1,1% das entidades enquisadas apunta que non ten persoal asalariado, xa que toda a actividade a desempeña persoal voluntario.

### Entidades segundo o número total de empregados/as a finais de 2021 (treitos)

	Porcentaxe
1 ou 2 empregados	43,1
De 3 a 5 empregados	22,4
De 6 a 10 empregados	12,3
Máis de 10 empregados	19,3
Ningún, só voluntarios	1,1
Nc	1,7

Fonte: Elaboración propia

Por último, cabe apuntar que o 61,7% das entidades que compoñen a mostra do estudo ten a súa sede nunha das cidades galegas. O 38,3% restante distribúese con certo equilibrio nos outros tres estratos poboacionais: o 14,9% nos concellos de menos de 10.000 habitantes, o 10,8% nos de 10.001 a 19.999 habitantes e o 12,6% nos de 20.000 a 49.999 habitantes.



### Entidades segundo o hábitat poboacional onde teñen a sede

	Porcentaxe
Menos de 10.000 hab.	14,9
De 10.001 a 19.999 hab.	10,8
De 20.000 a 49.999 hab.	12,6
50.000 hab. ou máis	61,7

Fonte: Elaboración propia

Estas características, que describen a grandes trazos o tipo de entidades que conforman a mostra do estudo, son empregadas como variables de cruzamento na explotación estatística das demais variables da investigación, o que fai posible unha análise que explore as posibles diferenzas entre segmentos, ás que se aludirá neste informe, sempre que as diferenzas presenten a debida significatividade estatística. Para esta análise emprégase o estatístico “Anova”, no caso da análise segmentada de medias, e a técnica do “khi-cadrado”, no caso da análise segmentada de categorías de resposta.

Os directorios e bases de datos cos que se conforma o universo son múltiples. A fonte para seleccionar as empresas é o Sistema de Análises de Balances Ibéricos. Os arquivos, bibliotecas e museos seleccionáronse a partir dos censos de cada área que elabora a Xunta de Galicia. As entidades dedicadas á xestión de lugares e edificios históricos obtivéronse da base dos Bens de Interese Cultural galegos. As empresas e o resto de entidades dedicadas ás ensinanzas artísticas e culturais sacáronse da base de datos de centros educativos autorizados da Xunta de Galicia e dunha listaxe de titulacións universitarias culturais. En canto ás entidades sen ánimo de lucro, os datos proveñen da lista de fundacións de interese galego baixo o protectorado de cultura e do rexistro de asociacións da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo. Por último, o universo das entidades públicas que desenvolven actividades de promoción e regulación da cultura, que na CSC se denomina “Interdisciplinar”, está conformado polos entes públicos con competencias en materia de promoción e regulación en cultura, como axencias públicas e outras entidades instrumentais, así como os departamentos de Cultura das administracións local (concellos e deputacións provinciais) e autonómica.

A realización do traballo de campo estendeuse dende o 15 de febreiro ata o 11 de marzo de 2022, é dicir, unha parte do campo levouse a cabo antes da invasión rusa de Ucraína e das consecuencias económicas que se



derivan desta (con data do 24 de febreiro tiñanse rexistrados 507 cuestionarios) e a totalidade do campo realizouse xusto antes da folga de transportes e do impacto que esta puido ter no conxunto da economía e nas expectativas dos diversos sectores.

## 2. Valoración da evolución en 2021

Entre as persoas representantes das entidades da cultura entrevistadas predomina unha visión positiva ou optimista da evolución seguida ao longo de 2021 pola súa propia entidade. Un 48,6% cre que evolucionou mellor (44,3%) ou moito mellor (4,3%) que en 2020, mentres que fica nun 23,6% a porcentaxe das que experimentaron unha evolución peor ou moito peor ca no ano de referencia. O predominio das respostas positivas obsérvase tamén no que atinxe á evolución que perciben no seu sector de actividade (47,3% fronte a un 29,9% que percibe un empeoramento da situación). Cando se pon o foco no conxunto da economía e no sector cultural en xeral, as porcentaxes das que teñen unha visión positiva e negativa desta evolución móstranse máis equilibradas, se ben seguen lixeiramente por riba as positivas (41,9% fronte a 38,4%, no caso do sector cultural en xeral, e 44% fronte a 35,2% para o conxunto da economía).

### Evolución en 2021 con respecto a 2020

	Moito peor	Peor	Igual	Mellor	Moito mellor	Ns/Nc
A economía en xeral	5,2	30,0	18,9	42,0	2,0	1,9
O sector cultural en xeral	6,9	31,5	16,8	40,4	1,5	2,9
O seu sector de actividade	5,4	24,5	21,4	44,6	2,7	1,4
A súa entidade	4,3	19,3	26,1	44,3	4,3	1,8

Fonte: Elaboración propia

Ao analizar estes datos como puntuacións dunha escala numérica do 1 ao 5, obtéñense valores sintéticos desa percepción da evolución no pasado ano, de modo que, en coherencia coa análise das respostas nominais, a mellor percepción corresponderíalle á evolución das propias entidades (3,25), seguida da relativa ao sector específico de actividade (3,15), á da economía en xeral (3,06) e, finalmente, á do sector cultural (2,98), que é a que as persoas entrevistadas perciben cunha peor evolución en 2021.

**Evolución en 2021 con respecto a 2020 de cada un dos seguintes factores das entidades enquisadas (Escala 1-5)**

	Media	Desviación típica
A economía en xeral	3,06	1,01
O sector cultural en xeral	2,98	1,04
O seu sector de actividade	3,15	1,00
A súa entidade	3,25	0,97

Fonte: Elaboración propia

Para a análise por segmento empregaranse estes valores sintéticos de percepción da evolución, pois permiten unha mellor comparación. Un primeiro punto que cómpre sinalar é que a análise da evolución da economía non presenta diferenzas entre os diversos segmentos analizados. Estas diferenzas si se atopan ao preguntarlles sobre a evolución da cultura en xeral, do seu sector de actividade e da súa propia entidade.

Atendendo á segmentación por actividade específica, a percepción da evolución do sector cultural en xeral rexistra a súa puntuación máis baixa por parte das entidades do ámbito da música (2,61), pero tamén teñen cifras inferiores ao 3 as dedicadas á educación cultural e as relacionadas coas artes gráficas, coas artes visuais (pintura, escultura, fotografía, arquitectura, publicidade, deseño etc.) e coas bibliotecas e arquivos, mentres que a máis elevada vén da man das entidades do audiovisual (3,28). Neste aspecto son tamén notables as diferenzas que se establecen en función do treito de facturación/orzamento das entidades, cunha valoración claramente máis positiva desta evolución por parte das entidades dos dous treitos máis elevados.

**Evolución en 2021 con respecto a 2020, segundo o tipo de entidade, facturación/orzamento e actividade específica (Escala 1-5) (Media)**

	A economía en xeral	O sector cultural en xeral	O sector de actividade	A entidade
<i>Tipo de entidade</i>				
Empresas	3,10	3,00	3,19	3,26
Administracións públicas	2,99	3,01	3,20	3,29
Entidades sen ánimo de lucro	2,94	2,86	2,90	3,20
Total	3,06	2,98	3,15	3,25
<i>Facturación en 2021</i>				
Menos de 50.000 €	2,95	2,88	3,02	3,12
De 50.000 a 149.999 €	2,94	2,90	3,00	3,19
De 150.000 a 499.999 €	3,14	3,15	3,32	3,42
500.000 € ou máis	3,41	3,21	3,48	3,58
Ns/Nc	3,10	2,86	3,16	3,07

## DOCUMENTOS DE TRABALLO

Total	3,06	2,98	3,15	3,25
<i>Actividade específica</i>				
Artes gráficas e actividades relacionadas	2,92	2,85	2,83	2,93
Comercio de libros e publicacións periódicas	3,13	3,12	3,15	3,20
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	3,12	3,01	3,03	3,28
Audiovisual e actividades relacionadas	3,30	3,28	3,45	3,49
Artes visuais	3,01	2,82	3,15	3,23
Música	2,60	2,61	2,57	2,72
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	3,16	3,15	3,16	3,23
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	3,05	3,23	3,33	3,40
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	2,83	2,79	3,05	3,19
Educación cultural	2,98	2,86	3,10	3,26
Actividades das administracións públicas	3,08	3,25	3,29	3,42
Total	3,06	2,98	3,15	3,25

Fonte: Elaboración propia

Á hora de valorar a evolución do sector de actividade específico son tamén as entidades do audiovisual e actividades relacionadas as que presentan un valor máis alto (3,45), seguidas de preto polas entidades ligadas aos museos e o patrimonio cultural (3,33). Pola contra, son as entidades da música as que de novo presentan as cifras máis baixas (2,57, dato que contrasta co 3,16 recollido entre as entidades vinculadas a outras artes escénicas como son o teatro, a danza, os espectáculos e actividades auxiliares). As entidades dedicadas ás artes gráficas e actividades relacionadas tamén se sitúan por debaixo do 3 (2,83).

En canto á segmentación por tipo de entidade con respecto á evolución do sector específico, cabe contraponer unha valoración máis optimista entre as empresas e as administracións públicas (valores na orde do 3,2) que as que achegan as entidades sen ánimo de lucro (2,90). A segmentación por orzamento/facturación mostra tamén na valoración do sector específico cifras notablemente superiores nos dous treitos de maior tamaño.

Finalmente, ao analizar a valoración que fan da evolución da súa propia entidade, vólvese atopar a tendencia sinalada, de que canto maior é o orzamento ou facturación maior é a porcentaxe de respostas positivas e, polo tanto, máis elevada a cifra (neste caso pasa do 3,12 ao 3,58). Neste punto a segmentación que maior interese presenta é a realizada en función da actividade específica, pois permite comprobar que as entidades do ámbito da música son, con diferenza, as que peor puntúan a súa evolución ao longo de 2021 (2,72), xa que son as únicas, xunto coas artes gráficas e actividades relacionadas (2,93), que presentan cifras inferiores ao 3. No extremo contrario, con medias superiores ao 3,4, sitúanse as do audiovisual e actividades relacionadas e as entidades ligadas a museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural.

Xa que logo, á hora de analizar a evolución no 2021 nos catro niveis recollidos nesta cuestión, cómpre destacar o notable contraste entre as entidades do ámbito audiovisual, que rexistran sempre a visión máis positiva, e as do ámbito da música, que recollen sempre as cifras máis baixas e, polo tanto, as máis negativas.

### 3. Expectativas para 2022

A preponderancia do optimismo é moito máis clara na expresión das expectativas de cara a 2022, pois manifesta a súa confianza nunha evolución positiva da economía xeral o 55,4% das persoas entrevistadas, porcentaxe que se eleva ao 61,6% no caso do sector específico de actividade, ao 63,6% no da propia entidade e ao 66,7% no do sector cultural en xeral.

#### Valoración da evolución en 2022 en comparación con 2021

	Moito peor	Peor	Igual	Mellor	Moito mellor	Ns/Nc
A economía en xeral	4,6	19,1	15,0	51,8	3,6	5,9
O sector cultural en xeral	1,8	11,9	14,9	62,2	4,5	4,6
O sector de actividade	1,7	13,7	19,9	55,6	6,0	3,0
A entidade	1,6	11,1	21,0	57,3	6,3	2,7

Fonte: Elaboración propia

A análise destas valoracións na súa versión cuantitativa, como puntuacións dunha escala do 1 ao 5, permite observar máis facilmente que as expectativas para 2022 superan claramente as valoracións xa de por si positivas da evolución de 2021. Cabe ademais sinalar que, se ben a evolución do

sector cultural en xeral era a que presentaba a cifra máis baixa na valoración da evolución do 2021 (2,98), pasa a ser a que presenta a media máis elevada (3,58) nas expectativas para o 2022.

**Valoración da evolución en 2022 en comparación co 2021 (Escala 1-5)**

	Media	Desviación típica
A economía en xeral	3,32	1,00
O sector cultural en xeral	3,58	0,84
O seu sector de actividade	3,52	0,88
A súa entidade	3,57	0,84

Fonte: Elaboración propia

En función do ámbito de actividade específica, as expectativas máis optimistas sobre a evolución da economía xeral son as achegadas polas entidades relacionadas cos museos e co patrimonio cultural (3,67), bibliotecas e arquivos (3,42) e teatro, danza e actividades auxiliares das artes escénicas (3,64). Unicamente as entidades vinculadas ás actividades das administracións públicas (2,87) e ás de comercio de libros e publicacións periódicas (2,94) presentan cifras inferiores ao 3.

**Valoración da evolución en 2022, en comparación co 2021, segundo a actividade específica (Escala 1-5) (Media)**

	A economía en xeral	O sector cultural en xeral	O sector de actividade	A entidade
Artes gráficas e actividades relacionadas	3,34	3,59	3,40	3,46
Comercio de libros e publicacións periódicas	2,94	3,34	3,13	3,12
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	3,10	3,26	3,28	3,40
Audiovisual e actividades relacionadas	3,47	3,61	3,63	3,66
Artes visuais	3,34	3,54	3,48	3,55
Música	3,51	3,87	3,70	3,71
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	3,64	3,76	3,73	3,78
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	3,67	3,85	3,85	3,90
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	3,42	3,78	3,70	3,77
Educación cultural	3,32	3,77	3,69	3,71
Actividades das administracións públicas	2,87	3,55	3,53	3,53
Total	3,32	3,58	3,52	3,57

Fonte: Elaboración propia

.....

En relación coas expectativas sobre a evolución do sector cultural en 2022, en xeral pode comprobarse que todos os segmentos son optimistas, recollendo puntuacións polo xeral por riba do 3,25. Estas boas expectativas para 2022 son especialmente elevadas entre as entidades vinculadas á música (3,87).

As expectativas positivas para 2022 son tamén xeneralizadas en todos os segmentos cando se lles pregunta polo sector específico de actividade e pola propia entidade, de tal xeito que en todos se recollen cifras superiores ao 3,10, que chegan ao 3,90 no caso das entidades relacionadas cos museos e o patrimonio cultural. Cómpre destacar tamén o feito de que as entidades relacionadas coa música, que son as que peor valoración ofrecen da evolución do 2021, se sitúan entre as máis optimistas con relación ás expectativas para 2022.

Finalmente, cabe sinalar que nestes catro ámbitos de expectativas analizadas neste punto, as entidades dedicadas ao comercio de libros presentaron cifras que se sitúan entre as máis baixas da segmentación por actividade específica: economía en xeral (2,94), sector cultural (3,34), sector de actividade (3,13) e a propia entidade (3,12).

#### **4. Evolución da facturación/orzamento e do emprego**

Na percepción da evolución da facturación da empresa ou do orzamento da entidade non empresarial, constátase un predominio da resposta positiva, é dicir, o recoñecemento dun aumento leve ou significativo ao longo de 2021 (43%). Esa porcentaxe de resposta positiva é 8 puntos superior no caso das expectativas para 2022 (51%). Convén sinalar que tanto na percepción da evolución ao longo de 2021 como na expresión das expectativas para o presente ano, resulta importante a resposta neutra, que apunta á estabilidade con respecto ao exercicio anterior (valores na orde do 31%).


**Evolución en 2021 con respecto a 2020 e expectativas para 2022 da facturación da empresa/orzamento da entidade**

	Evolución 2021	Expectativa 2022
Descenso significativo	11,3	2,4
Descenso leve	12,0	9,4
Estabilidade	31,6	31,4
Aumento leve	29,4	41,4
Aumento significativo	13,6	9,6
Ns/Nc	2,1	5,8

Fonte: Elaboración propia

Este maior optimismo nas expectativas que no acontecido en 2021 apréciase tamén nos valores medios extraídos da análise cuantitativa da variable (escala do 1 ao 5), na que a evolución no pasado ano se sitúa no 3,23 e a expectativa para o presente ano acada o 3,49.

**Evolución en 2021 con respecto a 2020 e expectativas para 2022 da facturación da empresa/orzamento da entidade (Escala 1-5)**



Fonte: Elaboración propia

A evolución deste indicador en 2021 presenta notables diferenzas en función do volume de facturación/orzamento da entidade, pois a valoración positiva incrementábase a medida que se ascende de treito, pasando do 2,94 rexistrado nas de menos de 50.000€ a 3,76 nas de máis de 500.000€.



**Evolución en 2021 con respecto a 2020 e expectativas para 2022 da facturación da empresa/orzamento da entidade (Escala 1-5) (Media)**

	Evolución 2021	Expectativa 2022
<i>Tipo de entidade</i>		
Empresas	3,28	3,55
Administracións públicas	3,18	3,31
Entidades sen ánimo de lucro	3,02	3,42
Total	3,23	3,49
<i>Facturación/Orzamento en 2021</i>		
Menos de 50.000 €	2,94	3,55
De 50.000 a 149.999 €	3,23	3,43
De 150.000 a 499.999 €	3,47	3,38
500.000 € ou máis	3,76	3,67
Ns/Nc	2,87	3,50
Total	3,23	3,49
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	2,78	3,61
Comercio de libros e publicacións periódicas	3,27	3,04
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	3,32	3,28
Audiovisual e actividades relacionadas	3,37	3,63
Artes visuais	3,37	3,60
Música	2,56	3,70
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	3,23	3,82
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	3,05	3,51
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	2,96	3,19
Educación cultural	3,15	3,30
Actividades das administracións públicas	3,16	3,40
Total	3,23	3,49

Fonte: Elaboración propia

Cando se presta atención á segmentación pola actividade específica da entidade, cabe contraponer a puntuación da evolución en 2021 que presentan as empresas das artes visuais, do audiovisual e actividades relacionadas e as de edición de libros (por riba de 3,30), coas que presentan as entidades dedicadas á música (2,56) e ás artes gráficas e actividades relacionadas (2,78).



En canto ás expectativas, cómpre sinalar, en primeiro lugar, que todos os segmentos presentan cifras por riba do 3. De feito, a práctica totalidade dos segmentos analizados supera o 3,10 (coa única excepción do comercio de libros e publicacións periódicas cun 3,04), o que dá conta dun optimismo relativamente xeneralizado en todas as actividades analizadas. En todo caso, cabe apuntar que a análise por tipo de entidade revela unha expectativa de evolución positiva máis alta entre as empresas (3,55).

Na análise por actividade específica, comprobouse que os dous grupos que peor valoración deron da súa evolución en 2021 destacan entre os que maiores expectativas de incremento presentan para 2022 (3,61 as artes gráficas e actividades relacionadas e 3,70 as vinculadas á música), se ben son as entidades relacionadas co teatro e a danza as que rexistran a cifra máis alta neste indicador (3,82).

Noutro indicador fundamental das entidades, como é o volume de emprego, predomina a estabilidade tanto na descrición da evolución en 2021 como nas expectativas para 2022, con porcentaxes que indican a ausencia de modificacións na orde do 70% en ambos os casos. Se se presta atención ás respostas positivas (aumento leve ou aumento significativo), obsérvase un optimismo lixeiramente superior no caso das expectativas (o 21,4% das persoas entrevistadas cre que as súas entidades incrementarán os seus cadros de persoal en 2022), pois en 2021 este incremento tivo lugar no 14,4% das entidades, mentres que, no extremo contrario, un 13,4% viu minguido o seu cadro de persoal e só un 4,4% espera que isto suceda en 2022.

**Evolución en 2021 con respecto a 2020 e expectativas para 2022 do volume de emprego (nº de traballadores/as)**


	Evolución 2021	Expectativa 2022
Descenso significativo	4,7	0,4
Descenso leve	8,7	4,0
Estabilidade	70,1	70,6
Aumento leve	11,3	19,3
Aumento significativo	3,1	2,1
Ns/Nc	2,1	3,6

Fonte: Elaboración propia

Este maior optimismo das expectativas apréciase tamén na análise cuantitativa destas variables, onde a evolución do volume de persoal en 2021 se sintetiza nun 2,99, aínda que a previsión para 2022 chega aos 3,19 puntos.



### Evolución en 2021 con respecto a 2020 e expectativas para 2022 do volume de emprego (nº de traballadores/as) (Escala 1-5)



Fonte: Elaboración propia

A evolución do volume de persoal ao longo de 2021 presenta diferenzas significativas segundo o tamaño da entidade en termos de facturación ou orzamento. Dese xeito, as que en 2021 contaban con menos de 50.000 euros presentan unha media de 2,87, o que significaría un descenso leve. Ese índice increméntase conforme o fai o volume de facturación/orzamento, situándose en posicións lixeiramente superiores ao 3 nos dous treitos intermedios, para lograr o seu valor máis alto (3,24) no treito máis elevado, é dicir, de 500.000 euros en diante.

En función da actividade específica á que se dedica a entidade, pode comprobarse que o índice máis baixo da evolución do volume de persoal en 2021 se atopa entre as entidades dedicadas á música (2,53, nunha clara posición de descenso), se ben os maiores índices distan pouco da posición 3, de estabilidade. É o caso da edición de libros, xornais e outras publicacións periódicas (3,09) ou do audiovisual, que engloba cine, vídeo, radio, televisión e actividades relacionadas (3,10).

A expectativa de crecemento en materia de emprego para o presente ano acada o seu maior índice por actividade específica no da música (3,37) e o teatro, danza e actividades auxiliares das artes escénicas (3,43), así como o audiovisual (3,36), sendo os únicos que superan o 3,25.

**Evolución en 2021 con respecto a 2020 e expectativas para 2022 do volume de emprego (nº de traballadores/as) (Escala 1-5) (Media)**

	Evolución 2021	Expectativa 2022
<i>Facturación/Orzamento en 2021</i>		
Menos de 50.000 €	2,87	3,16
De 50.000 a 149.999 €	3,01	3,18
De 150.000 a 499.999 €	3,06	3,24
500.000 € ou máis	3,24	3,31
Ns/Nc	2,90	3,08
<b>Total</b>	<b>2,99</b>	<b>3,19</b>
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	2,89	3,06
Comercio de libros e publicacións periódicas	2,97	3,04
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	3,09	3,08
Audiovisual e actividades relacionadas	3,10	3,36
Artes visuais	2,97	3,21
Música	2,53	3,37
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	2,99	3,43
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	3,03	3,12
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	2,96	3,10
Educación cultural	3,03	3,17
Actividades das administracións públicas	3,00	3,10
<b>Total</b>	<b>2,99</b>	<b>3,19</b>

Fonte: Elaboración propia

## 5. Evolución dos prezos


O 45,7% das entidades entrevistadas afirma que experimentou un aumento significativo do prezo dos produtos que precisan para a súa produción. A esta porcentaxe pódese engadir o 28% que afirma que sufriu un incremento leve nese terreo. Esta situación esperan que se manteña en 2022, pois o 48,4% prevé un incremento significativo e o 25,4% leve. Deste xeito, a evolución en 2021 e as expectativas para 2022 do prezo dos produtos achegan valores moi similares, tanto na análise nominal (o 73,8% das persoas enquisadas prevé un incremento), como na análise cuantitativa (con índices sintéticos por riba do 4 e que apenas difiren entre si, 4,22 no caso da evolución en 2021 e 4,29 no das expectativas para o presente ano).

**Evolución en 2021 con respecto a 2020 e expectativas para 2022 do prezo dos produtos (subministracións, materias primas) (En %)**

	Evolución 2021	Expectativa 2022
Descenso significativo	0,4	0,3
Descenso leve	1,1	0,4
Estabilidade	20,9	19,2
Aumento leve	28,0	25,4
Aumento significativo	45,7	48,4
Ns/Nc	3,9	6,3

Fonte: Elaboración propia

**Evolución en 2021 con respecto a 2020 e expectativas para 2022 do prezo dos produtos (subministracións, materias primas) (Escala 1-5)**



Fonte: Elaboración propia

A análise por segmentos demostra que a percepción do incremento dos prezos dos produtos é xeneralizada, pois en todos eles o índice resumo supera o 3,9. Por tipo de entidade, pode comprobarse que este incremento é percibido con máis intensidade polos representantes das empresas (4,33) que polos das entidades sen ánimo de lucro (3,91) ou as ligadas ás administracións (3,99).

En función da actividade específica realizada pola entidade, obsérvanse valores por debaixo do 4 só entre as dedicadas á música (3,92), os museos e as actividades relacionadas co patrimonio (3,98), ou as bibliotecas e arquivos (3,85), que contrastan co 4,81 das dedicadas ás artes gráficas, xa moi preto da posición 5, que suporía que todas as empresas desta actividade experimentaron un “aumento significativo” dos prezos.

En canto ás expectativas para este ano, a previsión dun encarecemento dos prezos en 2022 supera o 4 nos catro treitos en que se contempla o tamaño da poboación dos municipios onde se sitúan as entidades, pero co seu valor máis baixo entre os situados nos concellos máis pequenos, de menos de 10.000 habitantes (4,08), e o máis alto nas cidades (4,36).

Por sectores, os únicos índices das expectativas do crecemento dos prezos que resultan inferiores ao 4 é o das entidades do sector dos museos e o das bibliotecas e arquivos (3,99 en ambos os casos). Os máis elevados achéganos os sectores do libro e a prensa, por unha banda, e o das artes visuais, por outra (ambos os dous con valores na orde do 4,4).

**Evolución en 2021 con respecto a 2020 e expectativas para 2022 do prezo dos produtos (subministracións, materias primas) (Escala 1-5) (Media)**

	Evolución 2021	Expectativa 2022
<i>Hábitat</i>		
Menos de 10.000 hab.	4,23	4,08
De 10.001 a 19.999 hab.	4,41	4,28
De 20.000 a 49.999 hab.	4,11	4,22
50.000 hab. ou máis	4,21	4,36
Total	4,22	4,29
<i>Tipo de entidade</i>		
Empresas	4,33	4,37
Administracións públicas	3,99	4,08
Entidades sen ánimo de lucro	3,91	4,10
Total	4,22	4,29
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	4,81	4,44
Comercio de libros e publicacións periódicas	4,36	4,44
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	4,40	4,34
Audiovisual e actividades relacionadas	3,98	4,18
Artes visuais	4,28	4,40
Música	3,92	4,19
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	4,34	4,40
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	3,98	3,99
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	3,85	3,99
Educación cultural	4,02	4,09
Actividades das administracións públicas	4,06	4,20
Total	4,22	4,29

Fonte: Elaboración propia

A segmentación por tipo de entidade permite comprobar que as empresas son tamén as que en maior medida contan cun encarecemento ao longo de 2022 (4,37, fronte a valores ao redor do 4,1 dos dous tipos de entidades restantes).

Pese ao incremento xeral dos custos, as entidades da cultura galega mantiveron maioritariamente os prezos das súas mercadorías (o 63,8% afirma a estabilidade destes) e só o 22,5% os incrementou (o 17,8% levemente e só o 4,7% significativamente).

Pensando en 2022, a expectativa de estabilidade dos prezos finais segue a ser a resposta maioritaria, pero redúcese en máis de 10 puntos porcentuais ata o 52,2%, ao tempo que se incrementa a porcentaxe de entidades que contan cunha alza dos prezos das súas mercadorías (así o prevé o 37% das entidades enquisadas, das que o 26,8% trasladará un aumento leve e o 10,2% un aumento significativo).

**Evolución en 2021 con respecto a 2020 e expectativas para 2022 do prezo das mercadorías (bens/servizos que produce a entidade) (En %)**


	Evolución 2021	Expectativa 2022
Descenso significativo	1,6	0,5
Descenso leve	4,5	1,2
Estabilidade	63,8	52,2
Aumento leve	17,8	26,8
Aumento significativo	4,7	10,2
Ns/Nc	7,6	9,2

Fonte: Elaboración propia

A análise cuantitativa destas respostas nominais dá lugar, como índices sintéticos, a un 3,21 no caso da evolución do prezo das mercadorías en 2021 e a un 3,49 no das expectativas para 2022.



**Evolución en 2021 con respecto a 2020 e expectativas para 2022 do prezo das mercadorías (bens/servizos que produce a entidade) (Escala 1-5)**



Fonte: Elaboración propia

A análise en función da actividade específica que realiza a entidade indica que con respecto a 2021 só as dedicadas á música presentaron un índice inferior ao 3 (2,80), mentres que superaron o 3,5 as das artes gráficas (3,56) e as de comercio de libros, xornais e publicacións periódicas (3,51). Esa suba en 2021 tamén estivo ata certo punto condicionada polo tamaño da entidade en termos de facturación ou orzamento, pois o índice das que non chegaron aos 50.000 euros fica no 3,09, fronte a cifras de arredor do 3,30 dos tres treitos restantes.

Ao prestar atención aos índices que resumen a expectativa para 2022, conséntase que unicamente as entidades relacionadas coa educación cultural presentan cifras inferiores a 3,30, concretamente un 3,14. No extremo contrario, as maiores expectativas de incremento atópanse entre as entidades vinculadas ás artes gráficas (3,93) e ás de comercio de libros e publicacións periódicas (3,94).

**Evolución en 2021 con respecto a 2020 e expectativas para 2022 do prezo das mercadorías (bens/servizos que produce a entidade) (Escala 1-5) (Media)**

	Evolución 2021	Expectativa 2022
<i>Facturación/Orzamento en 2021</i>		
Menos de 50.000 €	3,09	3,39
De 50.000 a 149.999 €	3,26	3,55
De 150.000 a 499.999 €	3,34	3,55
500.000 € ou máis	3,29	3,63
Ns/Nc	3,08	3,38
Total	3,21	3,49
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	3,56	3,93
Comercio de libros e publicacións periódicas	3,51	3,94
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	3,15	3,30
Audiovisual e actividades relacionadas	3,15	3,38
Artes visuais	3,17	3,52
Música	2,80	3,46
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	3,16	3,59
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	3,14	3,40
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	3,25	3,37
Educación cultural	3,15	3,14
Actividades das administracións públicas	3,22	3,44
Total	3,21	3,49

Fonte: Elaboración propia

## 6. Demanda e produción de bens e servizos

Ao preguntarlles ás entidades enquisadas pola produción de bens e servizos, resultan maioritarias as respostas que indican un crecemento, se ben con predominio do “aumento leve” sobre o “aumento significativo”. Así, o 51,4% das entidades afirma que incrementaron a súa produción en 2021 con respecto ao ano anterior e o 52,9% prevé un incremento en 2022. En todo caso, cómpre tamén sinalar en sentido negativo que o 17,6% das entidades rexistrou un descenso na súa produción ao longo de 2021, se ben a porcentaxe das que cren que a reducirán en 2022 cae ao 6,3%.




**Evolución en 2021 con respecto a 2020 e expectativas para 2022 da produción de bens e servizos (carga de traballo)**

	Evolución 2021	Expectativa 2022
Descenso significativo	8,0	1,7
Descenso leve	9,6	4,6
Estabilidade	29,3	35,6
Aumento leve	36,2	38,9
Aumento significativo	15,2	14,0
Ns/Nc	1,7	5,2

Fonte: Elaboración propia

Ao empregar o indicador que resume estas categorías nominais como puntuación nunha escala do 1 ao 5, pódese comprobar que os valores resultantes se sitúan nunha puntuación intermedia entre a “estabilidade” e o “aumento leve”, pois cifran nun 3,42 a evolución da produción en 2021 e nun termo lixeiramente máis próximo ao “aumento leve” a expectativa para este ano, ao acadar o 3,62.

**Evolución en 2021 con respecto a 2020 e expectativas para 2022 de produción de bens e servizos (carga de traballo) (Escala 1-5)**



Fonte: Elaboración propia

O índice que reflicte a evolución da produción de bens e servizos culturais durante 2021 é máis elevado canto maior é o volume de facturación da entidade (do 3,16 das que en 2021 non chegaron aos 50.000 euros pásase ao 3,90 das que superaron os 500.000 euros).

Ao observar os índices clasificando as empresas pola súa actividade específica, pode comprobarse que en 2021 son novamente as empresas de artes gráficas e as dedicadas á música as que presentan as peores cifras, pois non chegaron a puntuacións de estabilidade (2,96 e 2,48, respectivamente), mentres que as ligadas a actividades das administracións públicas se sitúan en valores próximos á posición de “aumento significativo” (3,90). Os restantes segmentos de actividade presentan puntuacións entre o 3,35 e o 3,55.

Con respecto á expectativa para 2022, comprobouse que a práctica totalidade dos segmentos se sitúa por riba do 3,4, é dicir, coa expectativa dun lixeiro incremento na produción de bens e servizos. A única excepción pode atoparse entre as entidades dedicadas ao comercio de libros, xornais e publicacións periódicas (3,11). En sentido positivo, cómpre destacar as cifras achegadas polas entidades dos ámbitos da música (3,69) e as artes gráficas (3,64), pois indican unha clara expectativa de recuperación tras a redución sinalada nestes ámbitos en 2021. En todo caso, as entidades que mellores expectativas presentan para 2022 son as ligadas ás administracións públicas (3,92), aos museos (3,89) e ás de bibliotecas e arquivos (3,86).

**Evolución en 2021 con respecto a 2020 e expectativas para 2022 de produción de bens e servizos (carga de traballo) (Escala 1-5) (Media)**

	Evolución 2021	Expectativa 2022
<i>Facturación/Orzamento en 2021</i>		
Menos de 50.000 €	3,16	3,71
De 50.000 a 149.999 €	3,43	3,56
De 150.000 a 499.999 €	3,55	3,51
500.000 € ou máis	3,90	3,76
Ns/Nc	3,35	3,60
Total	3,42	3,62
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	2,96	3,64
Comercio de libros e publicacións periódicas	3,41	3,11
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	3,39	3,42
Audiovisual e actividades relacionadas	3,45	3,67
Artes visuais	3,55	3,71
Música	2,48	3,69
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	3,40	3,80
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	3,44	3,89
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	3,54	3,86
Educación cultural	3,38	3,41

Actividades das administracións públicas	3,90	3,92
Total	3,42	3,62

Fonte: Elaboración propia

Un último aspecto que se analiza sobre a situación e expectativas das entidades culturais é o da demanda que perciben con respecto aos seus produtos e servizos. Neste terreo tamén se aprecia un predominio das respostas positivas, que denotan certo optimismo. No caso da evolución ao longo de 2021, o 46% das entidades percibiu un aumento da demanda (o 34,6% un aumento leve e o 11,4% un aumento significativo), se ben tamén se rexistra unha considerable porcentaxe de entidades que experimentaron un descenso da demanda dos seus produtos e servizos (19,6%). Para 2022 o 52,9% das entidades prevé un incremento da demanda, reducíndose ata o 6,1% a porcentaxe de entidades que se mostran pesimistas neste sentido.


**Evolución en 2021 con respecto a 2020 e expectativas para 2022 da demanda dos produtos/servizos da entidade**

	Evolución 2021	Expectativa 2022
Descenso significativo	8,4	1,7
Descenso leve	11,2	4,4
Estabilidade	31,1	33,3
Aumento leve	34,6	41,3
Aumento significativo	11,4	11,6
Ns/Nc	3,2	7,8

Fonte: Elaboración propia

Como resumo destes datos, a análise das respostas nominais como valores dunha escala do 1 ao 5 dá lugar a valores lixeiramente por riba da estabilidade (3,3) no caso da evolución durante 2021 e algo máis próximos ao “aumento leve” (3,62) como expectativa para o presente ano.

**Evolución en 2021 con respecto a 2020 e expectativas para 2022 da demanda dos produtos/servizos da entidade (Escala 1-5)**



Fonte: Elaboración propia

En función da actividade específica desempeñada pola entidade, a valoración da evolución da demanda de bens e servizos ao longo de 2021 foi puntuada por debaixo do 3, en posicións de descenso leve, polas entidades dedicadas á música (2,48) e á educación cultural (2,98), mentres que os valores máis elevados, por riba do 3,4 e, polo tanto, entre a estabilidade e o aumento leve, corresponden ás relacionadas coas actividades propias das administracións públicas (3,56) e ás artes visuais (3,43). Neste punto tamén se observan notables diferenzas en función do volume de facturación/orzamento da entidade, pois as cifras resumo deste indicador pasan do 3,09 rexistrado entre as de menor orzamento ao 3,75 que presentan as de máis de 500.000 euros.

En canto ás expectativas para 2022, todos os segmentos desta clasificación por actividades achegan valores por riba do 3,10, que mesmo superan o 4 no caso das entidades dedicadas a museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural (4,03). Estas expectativas tamén son considerablemente elevadas entre as entidades relacionadas coa música (3,68), o que indica que agardan recuperar neste 2022 boa parte da demanda dos seus servizos perdida en 2021.



**Evolución en 2021 con respecto a 2020 e expectativas para 2022 da demanda dos produtos/servizos da entidade (Escala 1-5) (Media)**


	Evolución 2021	Expectativa 2022
<i>Facturación/Orzamento en 2021</i>		
Menos de 50.000 €	3,09	3,66
De 50.000 a 149.999 €	3,37	3,66
De 150.000 a 499.999 €	3,45	3,49
500.000 € ou máis	3,75	3,70
Ns/Nc	2,93	3,54
<b>Total</b>	<b>3,30</b>	<b>3,62</b>
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	3,14	3,64
Comercio de libros e publicacións periódicas	3,39	3,15
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	3,35	3,38
Audiovisual e actividades relacionadas	3,32	3,60
Artes visuais	3,43	3,70
Música	2,48	3,68
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	3,33	3,90
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	3,33	4,03
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	3,33	3,83
Educación cultural	2,98	3,41
Actividades das administracións públicas	3,56	3,91
<b>Total</b>	<b>3,30</b>	<b>3,62</b>

Fonte: Elaboración propia

## **7. Inversións e acceso a subvencións**

A realización de inversións adoita empregarse como un indicador de dinamismo das entidades, polo que se considerou de interese a súa inclusión no “Barómetro da cultura galega”. O 50,8% das entidades entrevistadas neste estudo realizou algún tipo de inversión ao longo de 2021, porcentaxe practicamente idéntica á das que teñen previsto investir ao longo de 2022 (51%).

**Porcentaxe de entidades que realizaron algún investimento ao longo de 2021 e das que teñen previsto realizalo en 2022**



Fonte: Elaboración propia

A análise por tipo de entidade pon de manifesto que tanto no investimento xa realizado como no previsto destaca a iniciativa das administracións públicas (67,1% e 71,4%, respectivamente), mentres que entre as empresas esta porcentaxe non acadou o 50%, xa que son as que en menor medida realizaron ou prevén realizar investimentos (47,1% e 46,4% respectivamente).

Por actividade específica, as entidades dedicadas ás artes gráficas e as do comercio de libros e publicacións periódicas destacan tanto pola reducida porcentaxe das que investiron durante 2021 (cos respectivos 31,5% e 38%) como pola reducida porcentaxe das que teñen previsto facelo en 2022 (27,4% e 32,4% respectivamente). As entidades dedicadas á música presentan reducidas porcentaxes en ambas as variables (34,5% no caso do xa realizado e 44,8% no das previsións).

Fronte a estas, as entidades vinculadas á educación cultural e ás actividades das administracións públicas presentan porcentaxes na orde do 64,1% no que se refire á realización dos investimentos en 2021. As actividades das administracións públicas tamén destacan, xunto cos museos e actividades do patrimonio cultural, pola elevada porcentaxe das que prevén investimentos neste ano (79,7% e 70,1% respectivamente).

**Porcentaxe de entidades que realizaron algún investimento ao longo de 2021 e das que teñen previsto realizalo en 2022**

	Realización en 2021	Previsión para 2022
<i>Tipo de entidade</i>		
Empresas	47,1	46,4
Administracións públicas	67,1	71,4
Entidades sen ánimo de lucro	51,5	52,1
<b>Total</b>	<b>50,8</b>	<b>51,0</b>
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	31,5	27,4
Comercio de libros e publicacións periódicas	38,0	32,4
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	54,1	58,5
Audiovisual e actividades relacionadas	55,3	51,1
Artes visuais	48,9	46,6
Música	34,5	44,8
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	48,3	56,2
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	57,5	70,1
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	61,4	67,5
Educación cultural	64,1	62,5
Actividades das administracións públicas	64,1	79,7
<b>Total</b>	<b>50,8</b>	<b>51,0</b>

Fonte: Elaboración propia

En canto ao acceso a subvencións, o 53,2% das entidades enquisadas solicitou algunha ao longo de 2021 e o 47,9% obtívola, polo que só a un 5,3% lle foi denegada.

**Porcentaxe de entidades que solicitaron algunha axuda ou subvención dalgunha Administración pública durante 2021**

	Porcentaxe
Solicitouna e obtívola	47,9
Non a solicitou	43,6
Solicitouna pero foille denegada	5,3
Nc	3,3

Fonte: Elaboración propia

A análise segmentada pon de manifesto unha clara diferenza segundo o tipo de entidade pois, mentres que solicitou e obtivo subvencións o 43,4% das empresas da mostra, tal porcentaxe elévase en máis de dez puntos no caso das administracións públicas (54%) e acada o seu valor máis alto entre as entidades sen ánimo de lucro (62,9%).

Por actividade específica, cómpre contrastar a baixa porcentaxe de solicitudes e obtención de subvencións entre as entidades dedicadas ás artes gráficas e actividades relacionadas ou ao comercio de libros e publicacións periódicas (30,1% e 33,8% respectivamente), con datos moito máis elevados entre as dedicadas ás bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas (62,7%) ou ás actividades das administracións públicas (78,1%). Tamén superan o 50% as entidades relacionadas coa edición de libros e publicación periódicas, o audiovisual, a música, o teatro e a danza e a educación cultural.

**Porcentaxe de entidades que solicitaron algunha axuda ou subvención dalgunha Administración pública durante 2021**

	Solicitouna e obtívooa	Solicitouna pero foille denegada	Non a solicitou	Nc
<i>Tipo de entidade</i>				
Empresas	43,4	6,2	47,7	2,7
Administracións públicas	54,0	0,8	39,2	6,0
Entidades sen ánimo de lucro	62,9	5,8	28,2	3,1
Total	47,9	5,3	43,6	3,3
<i>Actividade específica</i>				
Artes gráficas e actividades relacionadas	30,1	6,8	63,0	0,0
Comercio de libros e publicacións periódicas	33,8	7,0	57,7	1,4
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	54,1	2,2	35,0	8,7
Audiovisual e actividades relacionadas	55,3	6,4	35,1	3,2
Artes visuais	42,0	8,0	48,9	1,1
Música	51,7	6,9	39,7	1,7
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	55,1	5,6	37,1	2,2
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	45,7	1,6	44,9	7,9
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	62,7	0,0	31,3	6,0
Educación cultural	53,1	0,0	40,6	6,3
Actividades das administracións públicas	78,1	3,1	15,6	3,1
Total	47,9	5,3	43,6	3,3

Fonte: Elaboración propia

O 52,6% das entidades da cultura galega que en 2021 obtiveron subvencións percibiu contías inferiores aos 10.000 euros (un 20,2% menos de



3.000 e un 32,4% entre 3.000 e 10.000 euros). Un 13,9% das entidades enquisadas sitúase no treito superior das posibles axudas, con subvencións por riba dos 50.000 euros.

**Porcentaxe de entidades segundo a contía de todas as axudas/subvencións recibidas ao longo de 2021**

	Porcentaxe
Menos de 3.000 €	20,2
De 3.000 a 10.000 €	32,4
De 10.001 a 30.000 €	21,1
De 30.001 a 50.000 €	4,9
Máis de 50.000 €	13,9
Nc	7,6

Fonte: Elaboración propia

Variable filtrada. Aplícase só ás entidades que en 2021 solicitaron e obtiveron algunha subvención

O treito de 3.000 a 10.000 euros foi o máis habitual en boa parte dos segmentos da análise cruzada, pero con importantes excepcións. Así, esta contía é o segmento máis destacado por tipo de entidade entre as empresas e as entidades públicas, pero entre as entidades sen ánimo de lucro o treito de subvención máis habitual é o de máis de 50.000 euros (30,4%).

A contía de 3.000 a 10.000 euros é tamén a máis habitual, segundo a facturación da entidade, nos tres segmentos de menos de 500.000 euros, pero nas de medio millón en diante ese treito non pasa do 17,7%, mentres que un 25% deste segmento de entidades recibiu subvencións de máis de 50.000 euros. A relación entre orzamento/facturación da entidade e contía percibida tamén se fai evidente se se ten en conta o outro extremo da escala.

Finalmente, en relación co cruzamento por actividade específica, é de interese sinalar cales son as actividades que presentan maiores porcentaxes de empresas con contías inferiores a 10.000 euros e cales o fan en relación cos dous treitos superiores (de 30.000 en diante). Entre as primeiras destacan as vinculadas ao comercio de libros e publicacións periódicas, pois o 91,7% das entidades deste ámbito que recibiron unha subvención obtivo axudas que non pasaron dos 10.000 euros. Esta porcentaxe tamén é moi elevada entre as entidades das artes visuais (70,3%). Pola contra, non pasa do 26,9% entre as entidades do audiovisual e actividades relacionadas. Consecuentemente, son xustamente as entidades do audiovisual as

que presentan as maiores porcentaxes de entidades que recibiron axudas por contías superiores aos 30.000 euros (un 32,7%, cando a media para o conxunto da mostra é do 18,8%).

**Porcentaxe de entidades segundo a contía de todas as axudas/subvencións recibidas ao longo de 2021**

	Menos de 3.000 €	De 3.000 a 10.000 €	De 10.001 a 30.000 €	De 30.001 a 50.000 €	Máis de 50.000 €	Nc
<i>Tipo de entidade</i>						
Empresas	22,7	34,2	21,4	5,4	9,1	7,1
Administracións públicas	18,2	30,2	24,4	3,6	13,2	10,4
Entidades sen ánimo de lucro	13,6	28,3	16,8	4,3	30,4	6,6
Total	20,2	32,4	21,1	4,9	13,9	7,6
<i>Facturación/Orzamento en 2021</i>						
Menos de 50.000 €	32,8	38,9	16,1	1,4	4,9	5,8
De 50.000 a 149.999 €	14,0	32,2	27,5	4,6	17,7	4,0
De 150.000 a 499.999 €	11,8	35,3	24,3	8,8	16,2	3,7
500.000 € ou máis	12,6	17,7	26,0	11,0	25,0	7,7
Ns/Nc	21,4	25,2	4,9	1,9	13,6	33,1
Total	20,2	32,4	21,1	4,9	13,9	7,6
<i>Actividade específica</i>						
Artes gráficas e actividades relacionadas	22,7	31,8	18,2	0,0	22,7	4,5
Comercio de libros e publicacións periódicas	54,2	37,5	8,3	0,0	0,0	0,0
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	15,2	36,3	18,2	8,1	14,1	8,1
Audiovisual e actividades relacionadas	7,7	19,2	28,8	13,5	19,2	11,5
Artes visuais	29,7	43,2	13,5	0,0	8,1	5,4
Música	26,7	13,3	26,7	0,0	23,3	10,0
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	16,3	28,6	26,5	12,2	14,3	2,0
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	5,2	20,7	32,8	5,2	19,0	17,2
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	30,8	34,6	11,5	3,8	9,6	9,6
Educación cultural	11,8	32,4	29,4	2,9	14,7	8,8
Actividades das administracións públicas	10,0	30,0	26,0	6,0	22,0	6,0
Total	20,2	32,4	21,1	4,9	13,9	7,6

Fonte: Elaboración propia

## 8. Dixitalización

A publicidade e a comunicación dixital (incluídas as redes sociais) é o ámbito de dixitalización máis avanzado nas entidades culturais galegas, xa que o 66,2% destas manifesta que realizaron accións neste sentido, ao tempo que unha porcentaxe case idéntica (66,1%) prevé actuacións nesa materia ao longo do presente ano. O segundo ámbito máis destacado polos avances xa realizados é o da incorporación de equipamento técnico e *software* para a dixitalización, no que xa fixo progresos nos últimos dous anos o 55,6% da mostra e no que o 50% prevé investir ao longo do 2022. En terceira posición —por avances xa acometidos— sitúase a produción/creación/venda de contidos dixitais, xa que un 49,4% das entidades entrevistadas afirma que realizaron accións nesta liña o e un 50,3% prevé impulsala ou seguir impulsándoa en 2022.

O aspecto —dos catro considerados— no que menor porcentaxe de entidades manifestan avances nos dous últimos anos é o da formación do persoal en transformación dixital (39,9%) e tamén no que menor porcentaxe teñen previsto investir (41,6%). Aínda que pode resultar estraño que os avances en formación vaian por detrás doutros investimentos, hai que ter en conta que parte da xestión dixital pode estar externalizada e que a formación tamén puido realizarse con carácter previo ao período de tempo analizado.

### Entidades segundo o seu avance nos últimos dous anos nalgúns aspectos relacionados coa dixitalización e previsión de impulsalos en 2022

	Si	Non	Ns/Nc
<i>Publicidade/comunicación dixital (incluídas as redes sociais)</i>			
Realizado 2020-2021	66,2	32,2	1,6
Previsto 2022	66,1	29,2	4,7
<i>Equipamento técnico e software</i>			
Realizado 2020-2021	55,6	43,1	1,3
Previsto 2022	50,0	44,1	5,9
<i>Produción/Creación/Venda de contidos dixitais</i>			
Realizado 2020-2021	49,4	49,3	1,3
Previsto 2022	50,3	44,3	5,5
<i>Formación do persoal en transformación dixital</i>			
Realizado 2020-2021	39,9	58,3	1,8
Previsto 2022	41,6	51,3	7,1

Fonte: Elaboración propia

A análise por tipo de entidade mostra que a porcentaxe de empresas que apostan pola dixitalización na súa publicidade ou comunicación é maioritaria (58,6%), pero claramente inferior ás cifras que presentan as administracións públicas e as entidades sen ánimo de lucro (82%). A previsión para 2022 mostra unha distribución moi similar.

Segundo o estudo por facturación ou orzamento, as entidades do treito máis elevado (medio millón de euros en diante) son as que máis progresaron (80,7%) e as que máis prevén seguir con ese avance (75,7%) na comunicación dixital, fronte a porcentaxes entre o 61% e o 67% nos outros tres treitos de orzamento.

**Entidades segundo o seu avance nos últimos dous anos en publicidade/comunicación dixital (incluídas as redes sociais) e previsión de impulsala en 2022**

	Realizado 20-21	Previsto 22
<i>Tipo de entidade</i>		
Empresas	58,6	60,1
Administracións públicas	85,5	81,8
Entidades sen ánimo de lucro	82,5	78,9
Total	66,2	66,1
<i>Facturación/Orzamento en 2021</i>		
Menos de 50.000 €	61,7	63,4
De 50.000 a 149.999 €	66,7	70,0
De 150.000 a 499.999 €	63,8	62,3
500.000 € ou máis	80,7	75,7
Ns/Nc	67,6	61,7
Total	66,2	66,1
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	61,6	54,8
Comercio de libros e publicacións periódicas	60,6	56,3
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	76,0	73,8
Audiovisual e actividades relacionadas	63,8	64,9
Artes visuais	54,5	58,0
Música	58,6	67,2
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	68,5	69,7
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	81,1	76,4
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	66,3	66,3
Educación cultural	89,1	87,5
Actividades das administracións públicas	89,1	84,4
Total	66,2	66,1

Fonte: Elaboración propia

Finalmente, en función da actividade específica, poden atoparse porcentaxes superiores ao 80% de comunicación dixital entre as entidades que se dedican á educación cultural, as vinculadas ás actividades das administracións públicas e as relacionadas con museos e patrimonio cultural, mentres que só presentan porcentaxes por debaixo do 60% as entidades vinculadas á música (58,6%) e as das artes visuais (54,5%).

No caso do investimento en equipamento técnico e *software* por tipo de entidade, son de novo as entidades das administracións públicas as que presentan as maiores porcentaxes, tanto en investimentos realizados nestes dous últimos anos, como de cara ás previsións para 2022, aínda que sen tanta vantaxe sobre as empresas (64,9% e 55,5% respectivamente). Neste indicador son as entidades sen ánimo de lucro as que menos progresaron (46,5%).

**Entidades segundo o seu avance nos últimos dous anos en equipamento técnico e *software* e previsión de impulsalo en 2022**

	Realizado 20-21	Previsto 22
<i>Tipo de entidade</i>		
Empresas	55,5	48,7
Administracións públicas	64,9	58,6
Entidades sen ánimo de lucro	46,5	47,5
Total	55,6	50,0
<i>Facturación/Orzamento en 2021</i>		
Menos de 50.000 €	43,3	41,9
De 50.000 a 149.999 €	62,2	49,3
De 150.000 a 499.999 €	51,4	51,0
500.000 € ou máis	71,6	67,3
Ns/Nc	69,6	56,0
Total	55,6	50,0
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	41,1	32,9
Comercio de libros e publicacións periódicas	29,6	25,4
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	58,5	48,7
Audiovisual e actividades relacionadas	57,4	53,2
Artes visuais	63,6	55,7
Música	37,9	41,4
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	49,4	50,6
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	46,5	44,9
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	53,0	54,2
Educación cultural	65,6	60,9
Actividades das administracións públicas	60,9	54,7
Total	55,6	50,0

Fonte: Elaboración propia

Segundo a análise por facturación ou orzamento, as entidades do treito máis elevado (medio millón de euros en diante) son as que máis avanzaron e máis prevén seguir avanzando nos catro aspectos observados, mentres que as que no citado exercicio económico non chegaron aos 50.000 euros presentan os peores datos nas catro cuestións. No que se refire ao investimento en equipamento técnico e *software* nos últimos anos, as diferenzas van do 43,3% ao 71,6%, e mantéñense en cifras similares na previsión para 2022.

Atendendo á actividade específica, pode comprobarse que as entidades que se dedican á educación cultural tamén destacan entre as que avanzaron nos últimos anos na dotación de equipamento técnico e *software*, aínda que en menor medida que no relativo á comunicación dixital (65,6%). Tamén presentan porcentaxes superiores ao 60% as entidades vinculadas ás artes visuais e as relacionadas coas actividades das administracións públicas. As que menos avanzaron neste punto son as vinculadas ao comercio de libros e publicacións periódicas (29,6%) e á música (37,9%).

No que se refire á produción/creación/venda de contidos dixitais, a análise por tipo de entidade presenta menores diferenzas entre os tres segmentos que a compoñen (as diferenzas non chegan aos 12 puntos, cando nos restantes indicadores de dixitalización superan os 20), se ben seguen a ser as de titularidade pública as que máis avanzaron neste eido nos últimos dous anos (58,1%).

Na análise por facturación ou orzamento mantéñense as diferenzas de máis de 25 puntos entre as entidades do treito do medio millón de euros en diante (69,1%) e as que non chegaron aos 50.000 euros (40,4%). Nos treitos intermedios estas porcentaxes roldan o 50%.

As entidades que se dedican á educación cultural presentan tamén as maiores porcentaxes no relativo aos avances na produción/creación/venda de contidos dixitais (67,2%) e, xunto coas entidades vinculadas á edición de libros e publicacións periódicas (64,4%), son os únicos segmentos por actividade específica que achegan porcentaxes por riba do 60%. Na posición oposta, con porcentaxes por debaixo do 35%, atópanse as entidades dedicadas ás artes gráficas (32,9%) e as vinculadas ao comercio de libros, xornais e publicacións periódicas (26,8%).



**Entidades segundo o seu avance nos últimos dous anos en produción/creación/venda de contidos dixitais e previsión de impulsalo en 2022**

	Realizado 20-21	Previsto 22
<i>Tipo de entidade</i>		
Empresas	46,8	47,6
Administracións públicas	58,1	57,3
Entidades sen ánimo de lucro	52,8	55,7
<b>Total</b>	<b>49,4</b>	<b>50,3</b>
<i>Facturación/Orzamento en 2021</i>		
Menos de 50.000 €	40,4	41,3
De 50.000 a 149.999 €	50,5	56,9
De 150.000 a 499.999 €	47,5	44,3
500.000 € ou máis	69,1	65,5
Ns/Nc	56,4	56,9
<b>Total</b>	<b>49,4</b>	<b>50,3</b>
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	32,9	31,5
Comercio de libros e publicacións periódicas	26,8	23,9
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	64,4	62,3
Audiovisual e actividades relacionadas	56,4	57,4
Artes visuais	45,5	48,9
Música	39,7	50,0
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	42,7	44,9
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	54,3	59,8
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	54,2	47,0
Educación cultural	67,2	65,6
Actividades das administracións públicas	48,4	45,3
<b>Total</b>	<b>49,4</b>	<b>50,3</b>

Fonte: Elaboración propia

Na análise dos avances en materia de formación do persoal en transformación dixital, atópanse de novo diferenzas próximas aos 20 puntos entre as entidades das administracións públicas, as únicas que apostaron maioritariamente pola formación dixital (55,8%), e as empresas (37,6%) e entidades sen ánimo de lucro (34%). O estudo por facturación mostra tamén unha importante fenda, xa que neste caso a diferenza supera os 30 puntos porcentuais entre as do treito máis elevado (56,6%) e as que non chegaron aos 50.000 euros (25,7%).

Finalmente, o cruzamento por actividade específica volve situar as entidades que se dedican á educación cultural nunha posición destacada tamén no que se refire á formación dixital do seu persoal (53,1%), e xunto a estas sitúanse as entidades relacionadas con bibliotecas e arquivos (53,%).

Os restantes segmentos presentan valores inferiores ao 50% e sitúanse mesmo por debaixo do 30% no caso da música (25,9%) e o comercio de libros e publicacións periódicas (22,5%).

**Entidades segundo o seu avance nos últimos dous anos en formación do persoal en transformación dixital e previsión de impulsala en 2022**

	Realizado 20-21	Previsto 22
<i>Tipo de entidade</i>		
Empresas	37,6	40,1
Administracións públicas	55,8	50,5
Entidades sen ánimo de lucro	34,0	39,5
Total	39,9	41,6
<i>Facturación/Orzamento en 2021</i>		
Menos de 50.000 €	25,7	28,6
De 50.000 a 149.999 €	44,9	48,2
De 150.000 a 499.999 €	39,6	40,2
500.000 € ou máis	56,6	55,0
Ns/Nc	54,3	54,7
Total	39,9	41,6
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	34,2	30,1
Comercio de libros e publicacións periódicas	22,5	12,7
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	41,5	45,9
Audiovisual e actividades relacionadas	36,2	41,5
Artes visuais	42,0	46,6
Música	25,9	36,2
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	32,6	34,8
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	44,1	42,5
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	53,0	53,0
Educación cultural	53,1	51,6
Actividades das administracións públicas	42,2	42,2
Total	39,9	41,6

Fonte: Elaboración propia

Pódese concluír que a análise segmentada permite identificar unha serie de tendencias xerais en relación cos procesos de dixitalización das entidades do sector cultural. Primeiro, o estudo por tipo de entidade evidencia que as entidades das administracións públicas son as que realizaron e prevén realizar maiores investimentos nos catro aspectos observados da dixitalización. Segundo, na análise por facturación ou orzamento, as entidades do treito máis elevado (medio millón de euros en diante) son as que máis avanzaron e máis prevén seguir avanzando nos catro aspectos observados,




mentres que as que non chegaron aos 50.000 euros presentan os peores datos nas catro cuestións. Finalmente, en función da actividade específica, as entidades que se dedican á educación cultural (posiblemente condicionadas polo efecto da pandemia) destacan tanto pola aposta xa realizada como pola previsión de novos progresos, ao contrario do que sucede coas dedicadas ás artes gráficas, á música, e ao comercio de libros e publicacións periódicas.

## 9. Internacionalización

O 21,1% das entidades enquisadas afirma que realizaron accións específicas dirixidas a incrementar a súa notoriedade ou difusión no mercado internacional.

### Porcentaxe de entidades que realizaron nos últimos anos algún tipo de acción dirixida a incrementar a súa notoriedade ou difusión no mercado internacional



Fonte: Elaboración propia

A análise por tipo de entidade pon de manifesto unha maior frecuencia na realización de accións de internacionalización entre as entidades sen ánimo de lucro (31,5%) que entre as empresas (20,5%) e as de titularidade das administracións públicas (14,1%).

Segundo a actividade que realiza cada entidade, obsérvase que os segmentos do audiovisual, museos e as actividades relacionadas co patrimonio cultural e teatro, danza e espectáculos e actividades auxiliares das

artes escénicas destacan polos seus esforzos de internacionalización (todos con porcentaxes por riba do 30%). Estas cifras contrastan especialmente co 7% do segmento do comercio de libros e publicacións periódicas e co 10,9% das entidades da educación cultural.

**Porcentaxe de entidades que realizaron nos últimos anos algún tipo de acción dirixida a incrementar a súa notoriedade ou difusión no mercado internacional**

	Si	Non	Ns/Nc
<i>Tipo de entidade</i>			
Empresas	20,5	77,0	2,6
Administracións públicas	14,1	80,0	5,9
Entidades sen ánimo de lucro	31,5	68,5	0,0
Total	21,1	76,2	2,7
<i>Actividade específica</i>			
Artes gráficas e actividades relacionadas	19,2	79,5	1,4
Comercio de libros e publicacións periódicas	7,0	91,5	1,4
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	31,7	64,0	4,4
Audiovisual e actividades relacionadas	36,2	60,6	3,2
Artes visuais	14,8	84,1	1,1
Música	25,9	74,1	0,0
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	30,3	66,3	3,4
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	35,4	62,2	2,4
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	19,3	79,5	1,2
Educación cultural	10,9	82,8	6,3
Actividades das administracións públicas	15,6	76,6	7,8
Total	21,1	76,2	2,7

Fonte: Elaboración propia

Con independencia de que realicen ou non accións dirixidas a incrementar a súa notoriedade ou difusión fóra de España, a actividade das entidades enquisadas pode estar enfocada en maior ou menor medida ao público internacional. De feito, cando se preguntou directamente sobre a porcentaxe aproximada da actividade da entidade que vai dirixida ao público internacional, só o 32,8% das entidades entrevistadas di que non dirixiu ningunha produción para o mercado internacional, se ben é certo que posiblemente a esta cifra habería que engadir a práctica totalidade do 43,4% de persoas enquisadas que se decantaron por non responder a esta cuestión ao non dispor de datos sobre este particular.

Entre as entidades que si dispoñen deste dato predominan as que destinan unha produción de entre o 1% e o 24% ao mercado internacional

(15,6%), cifra que se sitúa no 3,5% no treito que vai do 25% ao 49%. No extremo contrario, un 1,9% das entidades enquisadas afirma que destinou ao público internacional máis do 75% da súa produción.

**Entidades segundo a porcentaxe aproximada da actividade que vai dirixida ao público internacional**

	Porcentaxe
0%	32,8
Do 1% ao 24%	15,6
Do 25% ao 49%	3,5
Do 50% ao 74%	2,9
Do 75% ao 99%	0,9
100%	1,0
Ns/Nc	43,4

Fonte: Elaboración propia

Ao tratar estas respostas en termos cuantitativos, tal e como foron recollidas orixinariamente, pódese calcular o valor medio das respostas recibidas, de tal xeito que se obtén o resultado de que as entidades da cultura galega enquisadas dedican unha media do 10,55% da súa produción ao mercado internacional. En todo caso, cómpre apuntar a elevada desviación típica que acompaña a este dato estatístico.

**Porcentaxe da actividade que vai dirixida ao público internacional**

	Porcentaxe
Media	10,55
Desviación típica	21,56

Fonte: Elaboración propia

Á hora de analizar este dato, a única segmentación estatisticamente significativa é a que se establece en relación co ámbito de actividade específica. Deste xeito, recóllense notables diferenzas na porcentaxe da produción dirixida ao ámbito internacional, xa que dedican para tal fin menos do 10% da súa produción as entidades vinculadas ás artes gráficas, ao comercio de libros e publicacións periódicas, ás artes visuais, á música, ás bibliotecas ou as dedicadas ás actividades das administracións públicas, mentres que tal porcentaxe supera o 22% entre as dedicadas ao audiovisual (22,80%) ou á educación cultural (22,27%).

**Porcentaxe aproximada da actividade das entidades enquisadas que vai dirixida ao público internacional por actividade específica (Escala 1-5) (Media)**

Actividades específicas	Porcentaxe media
Artes gráficas e actividades relacionadas	8,64
Comercio de libros e publicacións periódicas	5,29
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	11,93
Audiovisual e actividades relacionadas	22,80
Artes visuais	4,95
Música	9,09
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	10,69
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	12,59
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	9,60
Educación cultural	22,27
Actividades das administracións públicas	6,15
Total	10,55


Fonte: Elaboración propia

## 10. O papel das administracións públicas

O apoio prestado polos distintos niveis da Administración pública ás entidades do sector cultural galego non acada o aprobado entre o conxunto das entidades enquisadas, se ben a intensidade deste “suspenso” varía entre as diversas administracións, recibindo a puntuación máis baixa, cun 3,21 sobre 10, a Administración estatal e a máis alta, cun 4,74, a autonómica, mentres que a local recibe un 4,50. Á hora de valorar estes datos cómpre ter en conta que un 15,3% das entidades enquisadas son de titularidade pública, fundamentalmente vinculadas á Administración autonómica e local.



### Valoración do apoio prestado ao sector por parte das administracións (Escala do 0 ao 10)



Fonte: Elaboración propia

A análise en función do tipo de entidade mostra que o apoio da Administración autonómica e da Administración local recibe puntuacións por riba do 5 por parte das entidades que pertencen ás administracións públicas (hai que ter en conta que poden estar valorando as administracións ás que pertencen) e, no caso do ámbito local, tamén o aproban as entidades sen ánimo de lucro. Non ocorre o mesmo coa valoración do apoio do Estado, que é suspendido tanto polas entidades públicas como polas empresas e os entes sen ánimo de lucro, aínda que tamén recibe das primeiras a súa puntuación menos negativa (4,16%).

Ao ter en conta a segmentación por actividade realizada, pode comprobarse que o apoio do Estado suspende en todos os segmentos, pero o da comunidade autónoma é aprobado por sectores como o audiovisual, o teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas, museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural, bibliotecas e arquivos e servizos para ambos, educación cultural (neste caso mesmo chegando ao 6) e as actividades das administracións públicas. O apoio do nivel local resulta aprobado, con valores na orde do 6, polas bibliotecas e arquivos, cun 6,18 por parte dos museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural e cun 7,15 pola das actividades das administracións públicas

(se ben á hora de avaliar este dato hai que ter en conta que este segmento conta cunha notable presenza de concellos).

**Valoración do apoio prestado ao sector por parte das administracións (Escala 1-5)  
(Media)**

	Admón. estatal	Admón. autonómica	Admón. local (concellos e deputacións)
<i>Tipo de entidade</i>			
Empresas	3,05	4,48	3,89
Administracións públicas	4,16	5,88	6,69
Entidades sen ánimo de lucro	3,03	4,78	5,07
Total	3,21	4,74	4,50
<i>Actividade específica</i>			
Artes gráficas e actividades relacionadas	2,72	4,09	3,29
Comercio de libros e publicacións periódicas	3,12	4,66	4,61
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	2,53	4,25	4,17
Audiovisual e actividades relacionadas	4,24	5,54	4,65
Artes visuais	2,61	3,88	3,66
Música	2,12	4,26	3,68
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	3,84	5,27	4,04
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	3,06	5,36	6,18
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	4,08	5,68	6,01
Educación cultural	4,32	6,00	5,92
Actividades das administracións públicas	3,59	5,97	7,15
Total	3,21	4,74	4,50


Fonte: Elaboración propia

## 11. Impacto do Xacobeo 2021-2022

Nesta edición do “Barómetro da cultura galega”, levada a cabo no Ano Xacobeo 2021-22, resultaba obrigada a referencia ao impacto que este evento pode ter sobre as entidades do sector cultural galego. Unha primeira ollada mostra que o 26,8% das entidades citadas indica que as accións ligadas ao Xacobeo no pasado ano 2021 causaron un impacto positivo na súa entidade (un 22,9% sinala un efecto positivo e un 3,9% un efecto moi positivo). En todo caso, rematado xa o primeiro ano deste atípico Xacobeo de dous anos, 7 de cada 10 entidades aseguran que non percibiron ningún efecto (69,5%).

En canto ás previsións para 2022, mantense a non afectación como resposta maioritaria, aínda que cun lixeiro descenso (63,6%), ao tempo que se incrementa levemente a porcentaxe das que esperan algún impacto positivo (en 2,3 puntos respecto dos datos de 2021, chegando ao 29,1%).


**Impacto que tivo sobre a actividade das entidades a celebración do Ano Santo Xacobeo en 2021 e valoración do impacto que terá ao longo de 2022**



Fonte: Elaboración propia

Ao analizar estas respostas como puntuación nunha escala do 1 ao 5, obtense unha puntuación media da repercusión do Xacobeo do 2021 dun 3,28, valor que supera a posición do 3, que equivale á resposta “Non afectou”, inclinándose lixeiramente cara ao 4, que corresponde á categoría “Algún efecto positivo”. A previsión para o 2022 é lixeiramente superior e sitúase no 3,33.

**Impacto que tivo sobre a actividade das entidades a celebración do Ano Santo Xacobeo en 2021 e valoración do impacto que terá ao longo de 2022 (Escala 1-5) (Media)**



Fonte: Elaboración propia

A análise en función da facturación da entidade permite comprobar que a media do grao de impacto do Xacobeo 2021 presenta valores por riba do 3 nos catro treitos económicos, pero rexistra o seu valor máis baixo no de menos de 50.000 euros (3,19) e o máis elevado no de medio millón de euros en diante (3,49), o que tamén acontece coa previsión para 2022, pero cun 3,25 no treito de menor facturación e un 3,45 no de maior. Segundo estes datos, pódese afirmar que a repercusión do Xacobeo está ser máis positiva nas entidades de maior facturación ou orzamento.

Ademais, no estudo por actividade específica, todos os segmentos presentan medias superiores ao 3, tanto no que atinxe a 2021 como na previsión para 2022, pero con salientables diferenzas entre eles. Deste xeito, as entidades que maior influencia positiva recibiron do Xacobeo 2021 son as dedicadas ás actividades das administracións públicas (3,56), seguidas polos museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural (3,53), os mesmos segmentos que esperan en maior medida efectos positivos do Xacobeo 2022 (3,74 os museos e 3,64 as administracións públicas). As entidades vinculadas ao audiovisual e ao teatro e a danza tamén presentan medias superiores ao 3,35 en 2021.

A menor afectación da edición do 2021 foi a declarada polas entidades das artes gráficas, o comercio de libros e publicacións periódicas, a música e as bibliotecas e arquivos. Todos estes segmentos presentan un índice de impacto inferior a 3,20. No caso da previsión do impacto para 2022, a media para o comercio de libros e publicacións periódicas sitúase no 3,15, a única por debaixo do 3,20.

**Impacto que tivo sobre a actividade das entidades a celebración do Ano Santo Xacobeo en 2021 e valoración do impacto que terá ao longo de 2022 (Escala 1-5) (Media)**

	Impacto 2021	Previsión impacto 2022
<i>Facturación /Orzamento en 2021</i>		
Menos de 50.000 €	3,19	3,25
De 50.000 a 149.999 €	3,33	3,39
De 150.000 a 499.999 €	3,22	3,32
500.000 € ou máis	3,49	3,45
Ns/Nc	3,34	3,36
Total	3,28	3,33
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	3,12	3,34
Comercio de libros e publicacións periódicas	3,15	3,15



Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	3,30	3,38
Audiovisual e actividades relacionadas	3,35	3,34
Artes visuais	3,24	3,25
Música	3,16	3,36
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	3,38	3,39
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	3,53	3,74
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	3,19	3,28
Educación cultural	3,30	3,31
Actividades das administracións públicas	3,56	3,64
Total	3,28	3,33

Fonte: Elaboración propia

## 12. Impacto da pandemia da COVID-19

Dado o contexto socio-sanitario no que se realizou, este “Barómetro da cultura galega” tratou de medir o impacto que a pandemia esta á ter nas entidades que conforman o sistema cultural galego.

A influencia da pandemia da COVID-19 na facturación ou orzamento das entidades do sector cultural galego foi moi desigual pois, mentres que o 30,4% das entidades afirma que esa facturación ou orzamento non se chegou a reducir dende o inicio da pandemia, un 36,4% non só reconece que se viu afectado negativamente, senón que ademais non cre que se recupere ata cando menos 2023. Outro 25,3% tamén viu reducida a súa facturación ou orzamento por mor da COVID-19 pero ou ben xa recuperou o nivel anterior (11,9%), ou ben conta recuperalo ao longo deste 2022 (13,4%).

### Entidades segundo cando consideran que recuperarán o nivel de orzamento que tiñan antes da pandemia da COVID

	Porcentaxe
O nivel de orzamento non se chegou a reducir	30,4
Xa o recuperou	11,9
No que resta de 2022	13,4
En 2023 ou aínda máis tarde	36,4
Nc	7,9

Fonte: Elaboración propia

As entidades situadas nos municipios de menos de 10.000 habitantes son as que en maior medida afirman que non sufriron unha diminución do

.....

seu orzamento ao longo da pandemia (40,1%), porcentaxe que cae ao 26,5% no caso das situadas nas cidades.

Por tipo de entidade, indican que non perderon orzamento pola pandemia o 60,1% das entidades de titularidade pública, porcentaxe que cae ata o 23,6% no caso das empresas e ao 31,8% no das entidades sen ánimo de lucro.

Segundo a actividade específica, o contraste máis marcado ten lugar entre os segmentos en que máis do 50% das entidades non viron afectado o seu nivel de facturación/orzamento: educación cultural (59,4%), actividades das administracións públicas (53,1%) e bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas (53%) e os que tal realidade só pode ser afirmada por menos do 15% (teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas, 6,7%, e música, 13,8%).

Se se considera a situación contraria, é dicir, a das entidades que si perderon orzamento por mor da crise provocada pola COVID-19 e que non contan recuperalo totalmente ata o 2023 ou aínda máis tarde, pode comprobarse que por tipo de entidade é unha situación máis habitual entre empresas e entidades sen ánimo de lucro (valores ao redor do 40,2%), en claro contraste co 15,2% das entidades de titularidade pública.

Nesta análise a segmentación en termos de facturación ou orzamento indica que ás entidades máis pequenas estalles a custar recuperarse dos efectos da pandemia máis que ás grandes, pois o 45,5% considera que non recuperaran o seu volume de facturación previo ata cando menos o 2023, porcentaxe que non pasa do 24,8% no treito de 500.000 euros ou máis.

Nesta situación de non ter recuperado aínda o orzamento previo á pandemia e non confiar en recuperalo antes de 2023 tamén son notables as diferenzas entre os diferentes ámbitos específicos de actuación, pois declaran que están nesta situación o 63% das entidades dedicadas á música, o 50,7% das artes gráficas ou o 43,7% das entidades vinculadas ao teatro e á danza, mentres que estas porcentaxes fican por debaixo do 25% nas que se dedican a actividades das administracións públicas, bibliotecas e arquivos e educación cultural. Por último, cabe apuntar que as entidades do ámbito do teatro e a danza semellan ser as que máis rápido se están a

recuperar dos efectos da pandemia, pois un 44,9% xa recuperou ou espera recuperar ao longo do 2022 o seu nivel de facturación previo.

**Entidades segundo cando consideran que recuperarán o nivel de orzamento que tiñan antes da pandemia da COVID-19**

	O orzamento non se chegou a reducir	Xa o recuperou	No que resta de 2022	En 2023 ou aínda máis tarde	Nc
<i>Hábitat</i>					
Menos de 10.000 hab.	40,1	7,8	12,9	33,9	5,3
De 10.001 a 19.999 hab.	33,8	2,5	14,2	35,7	13,8
De 20.000 a 49.999 hab.	34,9	8,9	13,9	39,0	3,3
50.000 hab. ou máis	26,5	15,1	13,3	36,6	8,5
Total	30,4	11,9	13,4	36,4	7,9
<i>Tipo de entidade</i>					
Empresas	23,6	12,5	14,8	40,2	8,9
Administracións públicas	60,1	8,3	9,1	15,2	7,4
Entidades sen ánimo de lucro	31,8	12,5	11,5	40,3	3,9
Total	30,4	11,9	13,4	36,4	7,9
<i>Actividade específica</i>					
Artes gráficas e actividades relacionadas	23,3	4,1	13,7	50,7	8,2
Comercio de libros e publicacións periódicas	33,8	14,1	11,3	29,6	11,3
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	32,3	12,0	6,6	35,0	14,2
Audiovisual e actividades relacionadas	24,5	16,0	14,9	39,4	5,3
Artes visuais	21,6	14,8	14,8	39,8	9,1
Música	13,8	3,4	17,2	63,8	1,7
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	6,7	14,6	30,3	43,8	4,5
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	41,7	11,0	14,2	29,1	3,9
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	53,0	4,8	12,0	20,5	9,6
Educación cultural	59,4	4,7	6,3	23,4	6,3
Actividades das administracións públicas	53,1	12,5	15,6	15,6	3,1
Total	30,4	11,9	13,4	36,4	7,9

Fonte: Elaboración propia

En relación coas repercusións da pandemia da COVID-19, quíxose pescudar tamén o efecto sobre o volume de persoal. Os datos reflicten que o 73%

das entidades entrevistadas non reduciu o tamaño do seu cadro de persoal durante a pandemia. As notables diferenzas entre esta porcentaxe e a de entidades que viron reducida a súa facturación ou orzamento permite intuír o importante papel que neste sentido desempeñaron os ERTE, e que foi documentado nos estudos realizados polo CCG sobre o impacto da COVID-19 nas empresas do sector cultural galego. Outro 7,6% non só non despediu senón que mesmo incrementou o volume de persoal neses dous anos. Porén, o 13,1% da mostra si tivo que prescindir de persoal e, de feito, un 9,2% aínda non puido recuperar o volume de persoal previo. No lado positivo pode salientarse que un 2% xa o recobrou todo e un 1,9% tivo que acometer despedimentos pero xa recuperou e mesmo incrementou o tamaño do seu cadro de persoal.

**Entidades segundo cando consideran que recuperarán o nivel de orzamento que tiñan antes da pandemia da COVID-19**

	Porcentaxe
Despediuse algún persoal e non se volveu contratar	7,4
Despediuse algún persoal pero xa se recuperou parte	1,8
Despediuse algún persoal pero xa se recuperou todo	2,0
Despediuse algún persoal pero xa hai máis que antes	1,9
Non se despediu persoal, mantense o mesmo volume	73,0
Non se despediu e ata se incrementou o persoal	7,6
Ns/Nc	6,3

Fonte: Elaboración propia

Se se consideran de forma agregada as dúas respostas que indican que na actualidade se conta con menos persoal que antes da pandemia e se contrasta este resultado coas dúas que indican maior volume de persoal na actualidade que antes da COVID-19, pódese comprobar que, segundo o tipo de entidade, as de titularidade pública son as que soportaron mellor as consecuencias sobre o emprego (só o 5,6% ten menos persoal que antes, fronte ao 10,4% das empresas).

A análise segmentada permite constatar tamén que a porcentaxe de entidades con máis persoal na actualidade que antes da COVID-19 é maior canto maior é a súa facturación ou orzamento (pasando do 5,8% das que non chegan aos 50.000 euros ao 17,1% das que acadan ou superan o medio millón).

**Entidades segundo cando consideran que recuperarán o nivel de orzamento que tiñan antes da pandemia da COVID-19**

	Despediuse algún persoal e non se volveu a contratar	Despediuse algún persoal pero xa se recuperou parte	Despediuse algún persoal pero xa se recuperou todo	Despediuse algún persoal pero xa hai máis que antes	Non se despediu persoal, mantense o mesmo volume	Non se despediu e ata se incrementou o persoal	Ns/Nc
<i>Tipo de entidade</i>							
Empresas	8,3	2,1	1,9	1,2	73,2	7,8	5,5
Administracións públicas	4,8	0,8	1,2	0,9	75,9	10,3	6,2
Entidades sen ánimo de lucro	6,0	1,7	3,4	6,1	69,0	3,6	10,2
Total	7,4	1,8	2,0	1,9	73,0	7,6	6,3
<i>Facturación en 2021</i>							
Menos de 50.000 €	10,2	1,6	1,4	2,6	72,1	3,1	9,0
De 50.000 a 149.999 €	4,4	2,2	3,4	0,3	78,7	6,3	4,6
De 150.000 a 499.999 €	8,4	2,9	2,8	2,9	67,1	11,4	4,5
500.000 € ou máis	6,4	1,3	0,3	1,3	72,8	15,8	2,1
Ns/Nc	5,3	0,0	0,9	1,6	74,3	7,2	10,7
Total	7,4	1,8	2,0	1,9	73,0	7,6	6,3
<i>Actividade específica</i>							
Artes gráficas e actividades relacionadas	17,8	0,0	1,4	1,4	69,9	8,2	1,4
Comercio de libros e publicacións periódicas	2,8	2,8	0,0	0,0	81,7	4,2	8,5
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	3,3	3,3	0,0	0,0	69,9	11,5	12,0
Audiovisual e actividades relacionadas	4,3	4,3	2,1	2,1	73,4	11,7	2,1
Artes visuais	8,0	0,0	3,4	2,3	75,0	4,5	6,8
Música	19,0	6,9	6,9	6,9	48,3	3,4	8,6
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	16,9	7,9	2,2	4,5	57,3	3,4	7,9
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	5,5	0,8	2,4	3,9	72,4	7,1	7,9
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	3,6	0,0	2,4	2,4	77,1	4,8	9,6

## DOCUMENTOS DE TRABAJO

Educación cultural	6,3	0,0	0,0	0,0	76,6	12,5	4,7
Actividades das administracións públicas	4,7	3,1	1,6	1,6	75,0	9,4	4,7
Total	7,4	1,8	2,0	1,9	73,0	7,6	6,3

Fonte: Elaboración propia

En función da segmentación por actividade realizada, un primeiro dato que cómpre destacar é que só dous segmentos presentan unha ausencia de variación de persoal inferior ao 70%. É o caso das entidades vinculadas á música (48,3%) e as do teatro e danza e resto de actividades das artes escénicas (57,3%). Tendo en conta este punto de partida, é esperable que as entidades que desenvolven este tipo de actividades sexan as que destaquen por seren as que contan con menos persoal que antes da pandemia (25,9%, 24,7% respectivamente), seguidas polas de artes gráficas (17,8%). Na situación oposta sitúanse os segmentos do audiovisual, o da educación cultural e o da edición de libros, pois son os que presentan maior porcentaxe de entidades con máis persoal na actualidade que antes da COVID-19 (coas respectivas porcentaxes de 13,8%, 12,5% e 11,5%).

### 13. Implantación do teletraballo

Directamente ligada á cuestión da COVID-19 está a implantación do teletraballo nestes últimos dous anos. No momento de realización do estudo, o 26,7% das entidades entrevistadas tiña algún persoal en situación de teletraballo. Un 32,8% non conta con esta medida ao considerar que non é posible polo seu tipo de actividade e un 22,6% afirma que tivo persoal traballando en remoto pero xa non. O resto das razóns presentan porcentaxes de mención moi inferiores, pero entre elas pode destacarse o feito de non ver necesario o teletraballo por ser unha entidade en que só hai un/unha traballador/a (9%).

#### Entidades que contan actualmente con traballadores

	Porcentaxe
Si	26,7
Non, porque o teletraballo non é viable na actividade da entidade	32,8
Non, houbo persoal en teletraballo pero xa se reincorporou	22,6
Non, porque non estaban preparados para o teletraballo	0,9
Non, porque só traballa unha persoa	9,0
Non, porque a empresa está sen actividade	0,9



Non, porque non o viron necesario	2,9
Non, por outras razóns	2,6
Ns/Nc	1,7

Fonte: Elaboración propia

A porcentaxe de entidades con algún persoal en situación de teletraballo acada o 31,4% entre as situadas nas cidades, mentres que non chega ao 21% entre as que teñen a sede nos concellos rurais e semiurbanos.

A segmentación por tipo de entidade mostra unha maior utilización desta práctica nas empresas e as entidades sen ánimo de lucro (29,7% e 25,3%, respectivamente) que nas de titularidade pública (14%), sendo este último o segmento que tivo máis persoal traballando a distancia, pero que xa volveu ao traballo presencial (45,8%, valor que non pasa do 23,5% nos dous tipos de entidade restantes).

O teletraballo tamén mostra unha maior implantación nas entidades máis grandes en termos de facturación, pois ten persoal nesa situación o 46% das que en 2021 tiveron unha facturación ou orzamento de medio millón de euros en diante, porcentaxe que en segmentos menores son moi inferiores, entre o 22,8% e o 25,7%.

Segundo a actividade específica, o teletraballo destaca actualmente nas entidades dedicadas á edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas (50,8%), ás artes visuais (35,2%) e ao audiovisual (33%), mentres que presenta porcentaxes por debaixo do 10% entre as dedicadas ao comercio de libros e publicacións periódicas (2,8%), ás bibliotecas e arquivos (8,4%) e ás artes gráficas (9,6%). Xustamente, as entidades vinculadas ao comercio de libros e publicacións periódicas e ás artes gráficas son, xunto cos museos, as que sinalan en maior medida que o teletraballo non é viable na súa actividade (76,6%, 64,4% e 47,2% respectivamente, cifras que se sitúan por debaixo do 35% nas restantes actividades).

Por último, cabe apuntar que o 70,3% as entidades vinculadas á educación cultural tiveron parte do seu equipo en situación de teletraballo, pero xa recuperaran a presencialidade para o conxunto do persoal no momento da realización da enquisa. Esta porcentaxe tamén destaca entre as actividades das administracións públicas (39,1%), situándose por debaixo do 22% nos restantes segmentos.



### Entidades que cuentan actualmente con trabajadores en teletrabajo

	Si	Non, porque o teletrabajo non é viable na súa actividade	Non, houbo persoal en teletrabajo pero xa se reincorporou	Non, porque non estaban preparados para o teletrabajo	Non, porque só traballa unha persoa	Non, porque a empresa está sen actividade	Non, porque non o viron necesario	Non, por outras razóns	Ns/Nc
<i>Hábitat</i>									
Menos de 10.000 hab.	20,9	42,3	16,7	1,5	12,7	1,6	1,1	1,9	1,4
De 10.001 a 19.999 hab.	14,1	44,1	22,3	1,0	10,7	1,3	3,7	0,0	2,9
De 20.000 a 49.999 hab.	21,1	36,6	24,0	0,3	9,6	2,0	3,6	1,1	1,6
50.000 hab. ou máis	31,4	27,7	23,8	0,8	7,7	0,5	3,0	3,6	1,6
Total	26,7	32,8	22,6	0,9	9,0	0,9	2,9	2,6	1,7
<i>Tipo de entidade</i>									
Empresas	29,7	35,6	17,3	0,8	8,4	0,9	3,5	2,0	1,7
Administracións públicas	14,0	24,8	45,8	1,2	11,4	0,3	0,3	0,9	1,4
Entidades sen ánimo de lucro	25,3	27,4	23,5	0,9	9,1	2,0	2,5	7,2	2,1
Total	26,7	32,8	22,6	0,9	9,0	0,9	2,9	2,6	1,7
<i>Facturación/Orzamento en 2021</i>									
Menos de 50.000 €	24,7	35,1	15,4	1,8	13,6	2,3	3,2	3,4	0,5
De 50.000 a 149.999 €	25,7	32,0	24,4	0,4	10,7	0,3	3,4	1,6	1,4
De 150.000 a 499.999 €	22,8	40,0	25,3	0,0	4,9	0,0	2,2	3,1	1,7
500.000 € ou máis	46,0	17,9	26,3	0,9	1,8	0,0	1,3	2,2	3,5
Ns/Nc	19,8	29,4	31,1	1,1	6,9	1,0	3,9	2,2	4,5
Total	26,7	32,8	22,6	0,9	9,0	0,9	2,9	2,6	1,7
<i>Actividade específica</i>									
Artes gráficas e actividades relacionadas	9,6	64,4	12,3	0,0	4,1	1,4	1,4	4,1	2,7
Comercio de libros e publicacións periódicas	2,8	76,1	0,0	1,4	9,9	0,0	4,2	0,0	5,6
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	50,8	15,3	15,3	1,1	9,8	1,1	0,0	4,4	2,2
Audiovisual e actividades relacionadas	33,0	31,9	17,0	0,0	6,4	2,1	4,3	3,2	2,1
Artes visuais	35,2	25,0	20,5	1,1	10,2	0,0	5,7	2,3	0,0
Música	25,9	32,8	15,5	1,7	8,6	5,2	0,0	3,4	6,9
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	27,0	39,3	13,5	0,0	9,0	4,5	0,0	6,7	0,0
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	17,3	47,2	15,0	3,1	13,4	0,8	0,0	3,1	0,0



## DOCUMENTOS DE TRABAJO

Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	8,4	25,3	21,7	1,2	37,3	1,2	1,2	3,6	0,0
Educación cultural	10,9	15,6	70,3	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	3,1
Actividades das administracións públicas	21,9	25,0	39,1	1,6	9,4	0,0	0,0	1,6	1,6
Total	26,7	32,8	22,6	0,9	9,0	0,9	2,9	2,6	1,7

Fonte: Elaboración propia

En canto á porcentaxe de persoal que está a facer uso do teletraballo, naqueles casos en que esta posibilidade está presente, pódense sinalar datos certamente dispares, pois mentres que no 32% menos dunha cuarta parte do cadro de persoal se atopa en tal situación, no 26,8% traballa a distancia entre unha cuarta parte e a metade e noutro 33,2% mantense habilitada esta opción para máis de tres cuartas partes do seu persoal.

### Porcentaxe do cadro de persoal que está teletraballando

	Porcentaxe
Entre o 1% e o 25%	32,0
Entre o 26% e o 50%	26,8
Entre o 51% e o 75%	5,5
Entre o 76% e o 100%	33,2
Ns/Nc	2,5

Fonte: Elaboración propia

Variable filtrada. Aplícase só ás entidades en que hai algún persoal en situación de teletraballo

A porcentaxe de entidades con máis de 3 de cada 4 persoas en situación de teletraballo chega ao 51,8% entre as entidades sen ánimo de lucro, pero tamén presenta un valor relativamente elevado entre as empresas (32,4%), o que contrasta co 9,2% das entidades das administracións públicas. Esta opción resulta máis habitual canto menor é a facturación da entidade (pasando do 17,1% das que contan cunha facturación ou orzamento de medio millón de euros ou máis, ao 46,1% das que non chegan aos 50.000 euros), se ben neste caso cómpre ter en conta a relación que se establece entre o volume de facturación e o tamaño da empresa en termos de volume de persoal.



### Porcentaxe do cadro de persoal que está teletraballando


	Entre o 1% e o 25%	Entre o 26% e o 50%	Entre o 51% e o 75%	Entre o 76% e o 100%	Ns/Nc
<i>Tipo de entidade</i>					
Empresas	31,0	28,8	6,4	32,4	1,5
Administracións públicas	55,0	17,8	2,8	9,2	15,2
Entidades sen ánimo de lucro	24,3	20,7	2,2	51,8	1,1
Total	32,0	26,8	5,5	33,2	2,5
<i>Facturación/Orzamento en 2021</i>					
Menos de 50.000 €	15,6	34,6	1,8	46,1	1,8
De 50.000 a 149.999 €	35,7	25,3	0,6	38,4	0,0
De 150.000 a 499.999 €	33,6	23,3	11,6	29,4	2,1
500.000 € ou máis	49,5	17,6	12,9	17,1	2,9
Ns/Nc	30,4	36,1	0,0	19,0	14,5
Total	32,0	26,8	5,5	33,2	2,5

Fonte: Elaboración propia

Variable filtrada. Aplícase só ás entidades en que hai algún persoal en situación de teletraballo

O 77,1% das entidades en que na actualidade hai persoal en teletraballo cre que o traballo en remoto permanecerá máis alá da crise sanitaria provocada pola COVID-19 e só o 10,8% responde en termos claramente negativos.

### Entidades segundo a súa valoración sobre a permanencia do teletraballo máis alá da crise sanitaria



Fonte: Elaboración propia

Variable filtrada. Aplícase só ás entidades en que hai algún persoal en situación de teletraballo

A confianza na permanencia pospandémica do teletraballo é dispar segundo o hábitat poboacional da entidade, pois mentres que fica no 54,3% entre as entidades situadas en municipios de 20.000 a 49.999 habitantes, nos tres hábitats restantes presenta valores na orde do 80%. Tamén resulta significativa a diferenza en función do tamaño da empresa en termos de facturación ou orzamento, xa que a confianza nesa permanencia do teletraballo é maior canto menor é o treito económico da entidade, con valores que pasan do 62,1% do treito máis alto ao 89,7% do máis baixo. En todo caso, pode comprobarse que, entre as entidades que continúan actualmente coa implantación do teletraballo, é maioritaria en todos os segmentos a sensación de que esta práctica vai permanecer.

**Entidades segundo a súa valoración sobre a permanencia do teletraballo máis alá da crise sanitaria**

	Si	Non	Tal vez	Ns/Nc
<i>Hábitat</i>				
Menos de 10.000 hab.	78,7	13,7	6,3	1,3
De 10.001 a 19.999 hab.	80,1	10,1	9,8	0,0
De 20.000 a 49.999 hab.	54,3	13,4	32,2	0,0
50.000 hab. ou máis	79,7	10,2	8,3	1,8
Total	77,1	10,9	10,6	1,4
<i>Facturación/Orzamento en 2021</i>				
Menos de 50.000 €	89,7	1,8	7,4	1,0
De 50.000 a 149.999 €	83,2	3,8	12,5	0,6
De 150.000 a 499.999 €	75,0	11,6	13,4	0,0
500.000 € ou máis	62,1	29,4	5,6	2,9
Ns/Nc	53,1	16,4	24,9	5,6
Total	77,1	10,9	10,6	1,4

Fonte: Elaboración propia

Variable filtrada. Aplícase só ás entidades en que hai algún persoal en situación de teletraballo


## 14. O equipo humano das entidades

No apartado relativo á descrición da mostra xa se tratou a cuestión do persoal das entidades analizadas dende a perspectiva do seu volume, dando conta de que dúas de cada tres entidades contan con cinco ou menos empregados, e só un 10,9% conta con máis de 10 persoas. Este apartado aborda esta cuestión dende outra óptica atendendo a cuestións tales como o grao de dificultade para atraer a profesionais do sector, a composición

por sexo dos cadros de persoal ou o perfil dos/as responsables das entidades.

Ante a pregunta sobre o grao de dificultade coa que se atopan as entidades do sector cultural galego para conseguir profesionais que cubran os postos de traballo que se precisan, o conxunto da mostra presenta unha clara división entre aquelas persoas que perciben unha escasa dificultade (38,8%) e as que afirman que teñen claras dificultades (49%). A análise segmentada permite ver con maior claridade esta aparente contradición entre as diversas entidades que conforman a mostra pois, segundo o sector de que se trate, será maior ou menor o grao de dificultade percibida, fundamentalmente en función do cruzamento por tipo de actividade específica.

**Valoración do grao de dificultade das entidades á hora de atopar profesionais para os postos que requiren**



■ Moi doado ■ Bastante doado ■ Bastante difícil ■ Moi difícil ■ Nc

Fonte: Elaboración propia

Ao estudar esta variable desde un punto de vista cuantitativo, é dicir, entendendo as respostas nominais como valores nunha escala do 1 (moi doado) ao 4 (moi difícil), obtense unha valoración media da dificultade para prover postos do 2,66, é dicir, claramente inclinada cara á vertente con dificultades para a incorporación de persoal no sector cultural galego. Esta

dificultade acentúase en determinados segmentos mentres que se relaxa noutros.

**Valoración do grao de dificultade das entidades á hora de atopar profesionais para os postos que requiren (Escala 1-4)**

Grao de dificultade	
Media	2,66
Desviación típica	0,86

Fonte: Elaboración propia

Na análise segmentada aténdese ás valoracións medias, a modo de resumo da visión de cada segmento. Unha primeira ollada permite comprobar que todos os eidos analizados presentan cifras por riba do 2 e, polo tanto, indican certa dificultade, pero tamén se aprecian diferenzas entre segmentos que poden acadar as sete décimas.

**Valoración do grao de dificultade das entidades á hora de atopar profesionais para os postos que requiren (Escala 1-4)**

	Media
<i>Tipo de entidade</i>	
Empresas	2,71
Administracións públicas	2,49
Entidades sen ánimo de lucro	2,53
Total	2,66
<i>Facturación/Orzamento en 2021</i>	
Menos de 50.000 €	2,56
De 50.000 a 149.999 €	2,62
De 150.000 a 499.999 €	2,81
500.000 € ou máis	2,76
Ns/Nc	2,60
Total	2,66
<i>Actividade específica</i>	
Artes gráficas e actividades relacionadas	2,90
Comercio de libros e publicacións periódicas	2,65
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	2,63
Audiovisual e actividades relacionadas	2,61
Artes visuais	2,67
Música	2,96
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	2,87
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	2,37
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	2,17
Educación cultural	2,71
Actividades das administracións públicas	2,48
Total	2,66

Fonte: Elaboración propia

.....

Unha primeira segmentación por tipo de entidade mostra que son as empresas as que máis difícil teñen a provisión dos seus postos vacantes (2,71, fronte a cifras de arredor do 2,53 das de titularidade das administracións públicas e entidades sen ánimo de lucro).


En función do nivel de facturación, as maiores dificultades percíbense nas entidades dos dous treitos máis elevados, é dicir, de entre 150.000 e 499.999 euros (2,81) ou 500.000 euros en diante (2,76), mentres que as que no ano de referencia (2021) non chegaron aos 50.000 euros son as que rexistran a media máis baixa, pero aínda en zona de dificultade (2,56).

As maiores diferenzas neste indicador atópanse na segmentación por actividade específica. Así, os niveis máis elevados de dificultade afectan ás entidades dedicadas á música (2,96), ás artes gráficas e actividades relacionadas (2,90) e ao teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas (2,87). Fronte a estes segmentos, só presentan valores inferiores ao 2,5 as bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas (2,17), museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural (2,37) e actividades das administracións públicas (2,48).

En canto á composición por sexo dos cadros de persoal, as entidades enquisadas indican que existe un certo equilibrio entre homes e mulleres, non só porque é a resposta máis habitual das persoas enquisadas (38,3%) senón, en certo modo, tamén porque a porcentaxe de entidades en que predomina a presenza de homes (29%) practicamente se equilibra con aquelas en que é predominante a presenza de mulleres (28,6%).



### Composición dos cadros de persoal (incluída a dirección), por sexo



Fonte: Elaboración propia

No cruzamento por tipo de entidade obsérvase que nas empresas a resposta máis habitual describe unha presenza case igual de homes e mulleres (37,3%), ao tempo que hai un certo equilibrio entre a porcentaxe das que teñen maior presenza de homes e as que contan con máis mulleres (31,4% e 27,4% respectivamente). Porén, nas entidades das administracións públicas, compróbase unha maior presenza feminina, pois se ben a categoría que afirma o equilibrio entre ambos os dous sexos presenta un 40,3%, a que sinala unha maior presenza de mulleres supón outro 40,3%, cifra moi superior ao 16,6% destas entidades con maior presenza de homes.

O estudo segundo a facturación constata o predominio dos varóns (33,2%) nas empresas de menor tamaño, se ben por escasa diferenza porcentual con respecto ao equilibrio de sexos (31%) ou ao predominio das mulleres (27,4%). Nos tres treitos de facturación restantes a resposta máis habitual sinala igualdade entre sexos, en especial no máis elevado (49,1%), aínda que neste a comparación entre as respostas que indican presenza maioritaria dun dos dous sexos se inclina do lado feminino (30,5%, fronte ao 18,6% dos que teñen só ou máis homes).

A investigación en función da actividade específica volve ser a de maior interese, xa que permite identificar ámbitos claramente masculinizados e outros feminizados, así como os que contan cunha presenza equilibrada de ambos os sexos. Entre os primeiros destaca claramente o segmento das artes gráficas (o 60,3% teñen máis homes que mulleres, fronte ao 12,3% con máis mulleres). Nesta categoría tamén se poden situar as entidades do ámbito da música, pois se ben é certo que a resposta máis habitual entre estas é situación de paridade (37,9%), tamén o é o feito de que no 36,2% hai unha maior presenza masculina fronte a un 20,7% no que predominan as mulleres.

Outros segmentos, en cambio, teñen unha maior presenza de mulleres que de homes nos seus cadros de persoal. Os ámbitos máis feminizados son con diferenza o das bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas (65,1%) e os das actividades das administracións públicas (57,8%). Tamén é claramente predominante a presenza de mulleres no ámbito do comercio de libros e publicacións periódicas, na edición e no dos museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural (47,9%, 42,1% e 39,4% respectivamente). Nos catro ámbitos de actividade restantes a resposta máis frecuente é a do equilibrio entre sexos.

Nesta ocasión tamén resulta de interese a segmentación en función do volume de persoal, pois pódese comprobar que a porcentaxe de entidades con predominio da presenza masculina se reduce a medida que se incrementa o volume de persoal, dende o 34,9% e o 29,7% dos dous treitos dun a cinco empregados/as, ao 21,8% e 19% dos dous de máis de seis. Estes datos cobran especial relevancia ao compararse co seguinte indicador: o sexo da persoa responsable da entidade.

#### Composición dos cadros de persoal (incluída a dirección), por sexo

	Só homes	Predominio de homes	Equilibrio entre homes e mulleres	Predominio de mulleres	Só mulleres	Nc
<i>Tipo de entidade</i>						
Empresas	16,2	15,1	37,3	18,2	9,2	3,9
Administracións públicas	4,5	12,3	40,3	25,3	15,0	2,6
Entidades sen ánimo de lucro	9,7	20,8	41,0	18,2	4,0	6,3
Total	13,5	15,5	38,3	19,3	9,3	4,0
<i>Facturación en 2021</i>						
Menos de 50.000 €	19,9	13,3	31,0	15,6	14,1	6,1
De 50.000 a 149.999 €	17,5	15,6	36,1	16,8	10,8	3,2



## DOCUMENTOS DE TRABALLO

De 150.000 a 499.999 €	6,9	20,5	44,0	20,4	5,1	3,2
500.000 € ou máis	1,3	17,2	49,1	27,8	2,7	1,8
Ns/Nc	11,2	9,8	42,5	25,6	7,1	3,8
Total	13,5	15,5	38,3	19,3	9,3	4,0
<i>Actividade específica</i>						
Artes gráficas e actividades relacionadas	17,8	42,5	23,3	9,6	2,7	4,1
Comercio de libros e publicacións periódicas	18,3	11,3	15,5	26,8	21,1	7,0
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	6,6	12,0	30,6	30,1	12,0	8,7
Audiovisual e actividades relacionadas	11,7	16,0	45,7	19,1	4,3	3,2
Artes visuais	20,5	11,4	43,2	12,5	9,1	3,4
Música	10,3	25,9	37,9	13,8	6,9	5,2
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	10,1	20,2	46,1	18,0	2,2	3,4
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	12,6	9,4	34,6	26,8	12,6	3,9
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	12,0	7,2	12,0	31,3	33,7	3,6
Educación cultural	0,0	20,3	57,8	21,9	0,0	0,0
Actividades das administracións públicas	7,8	1,6	26,6	32,8	25,0	6,3
Total	13,5	15,5	38,3	19,3	9,3	4,0
<i>Número total de empregados/as a finais de 2021</i>						
Ningún, só voluntarios	11,2	31,5	19,6	16,8	0,0	20,9
1 ou 2 empregados	27,6	7,3	36,3	6,7	16,1	5,9
De 3 a 5 empregados	3,6	26,1	34,0	26,5	8,4	1,3
De 6 a 10 empregados	2,5	19,3	31,8	42,6	1,5	2,5
Máis de 10 empregados	1,9	17,1	53,6	23,6	1,3	2,5
Nc	0,0	30,5	30,7	26,4	3,5	8,9
Total	13,5	15,5	38,3	19,3	9,3	4,0


Fonte: Elaboración propia

## 15. Perfil profesional dos/as responsables das entidades

Para o coñecemento do perfil máis habitual das persoas responsables das entidades culturais aténdese á súa idade, sexo e nivel formativo. Comezando polo sexo, un primeiro dato que cómpre destacar é que, pese ao equilibrio entre homes e mulleres nos cadros de persoal das entidades comentadas, cando se trata de postos de responsabilidade obsérvase claro predominio dos varóns, pois o 62,6% do total das entidades entrevistadas están dirixidas por homes.



Sexo da persoa responsable



Fonte: Elaboración propia

O predominio dos homes nos postos de responsabilidade elévase ao 64,6% no caso das empresas e ao 67,1% no das entidades sen ánimo de lucro, mentres que nas entidades de titularidade pública se observa un claro equilibrio entre ambos os sexos (cun 49,5% de homes e un 48,4% de mulleres).

Por actividade realizada atópase de novo unha presenza maioritaria dos homes na maior parte dos segmentos, que mesmo supera o 70% no caso da música (81%), no das artes gráficas (78,1%), no do teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas (75,3%) e no do audiovisual e actividades relacionadas (72,3%). O peso porcentual dos homes só baixa do 50% nos segmentos das bibliotecas, arquivos e no das actividades das administracións públicas, nos que o 62,7% e o 59,4% das persoas responsables son mulleres, respectivamente. Compróbase polo tanto que, agás estas dúas excepcións, mesmo naqueles ámbitos en que era maioritaria a presenza feminina, hai un claro predominio dos homes na dirección da entidade.

A maior presenza masculina en postos de responsabilidade das entidades culturais galegas apréciase tamén en todos os segmentos do cruzamento por volume de persoal, sendo especialmente elevada nos dous trei-

tos de maior volume, 64% e 73,8% respectivamente, o cal coincide cos treitos en que é menor o predomino dos homes cando se preguntou polo conxunto do cadro de persoal.

**Sexo da persoa responsable**


	Home	Muller	Nc
<i>Tipo de entidade</i>			
Empresas	64,6	33,3	2,1
Administracións públicas	49,5	48,4	2,1
Entidades sen ánimo de lucro	67,1	32,3	0,6
Total	62,6	35,5	1,9
<i>Actividade específica</i>			
Artes gráficas e actividades relacionadas	78,1	20,5	1,4
Comercio de libros e publicacións periódicas	50,7	46,5	2,8
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	65,0	32,8	2,2
Audiovisual e actividades relacionadas	72,3	23,4	4,3
Artes visuais	59,1	39,8	1,1
Música	81,0	19,0	0,0
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	75,3	23,6	1,1
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	61,4	37,8	0,8
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	36,1	62,7	1,2
Educación cultural	62,5	35,9	1,6
Actividades das administracións públicas	37,5	59,4	3,1
Total	62,6	35,5	1,9
<i>Número total de empregados/as a finais de 2021</i>			
Ningún, só voluntarios	51,7	48,3	0,0
1 ou 2 empregados	60,7	37,1	2,3
De 3 a 5 empregados	56,0	42,8	1,2
De 6 a 10 empregados	64,0	34,0	2,0
Máis de 10 empregados	73,8	24,0	2,2
Nc	70,0	30,0	0,0
Total	62,6	35,5	1,9

Fonte: Elaboración propia

Atendendo á idade da persoa responsable das entidades que participaron no barómetro, obsérvase que a media se sitúa nos 51 anos. A análise por treitos de idade indica que un 44,9% das persoas responsables teñen entre 50 e 64 anos e un 39,9% entre 35 e 49 anos, de xeito tal que nestas dúas franxas se concentran máis do 85% das persoas responsables. O menor peso porcentual correspóndese co treito máis novo, de menos de 35 anos, pois non pasa do 5,4%.



### Idade da persoa responsable da entidade (treitos)



Fonte: Elaboración propia

### Idade da persoa responsable da entidade

	Idade (anos)
Media	51,00
Desviación típica	9,99

Fonte: Elaboración propia

Existen lixeiras diferenzas en función da actividade específica á que se dedica a entidade, rexistrándose medias de idade inferiores aos 50 anos no caso das dedicadas ás actividades da Administración (48,81 anos), ás artes visuais (49,52 anos) e á música (49,67 anos), mentres que superan esta media as entidade vinculadas a museos e actividades relacionadas (54,22 anos), á edición (53,23) e ao comercio de libros e publicacións periódicas (53).

### Media de idade da persoa responsable da entidade segundo a actividade específica

	Media
Artes gráficas e actividades relacionadas	51,85
Comercio de libros e publicacións periódicas	53,00
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	53,23
Audiovisual e actividades relacionadas	51,09
Artes visuais	49,52
Música	49,67

## DOCUMENTOS DE TRABALLO


Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	50,91
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	54,22
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	51,80
Educación cultural	50,88
Actividades das Administracións Públicas	48,81
Total	51,00

Fonte: Elaboración propia

Por último, complétase a descrición do perfil das persoas responsables das entidades culturais atendendo ao seu nivel formativo. Os datos mostran un nivel elevado neste sentido, dado que o 68,5% manifesta que rematou estudos universitarios e non pasan do 2,1% as persoas que sinalan que só teñen estudos primarios.

### Nivel de estudos da persoa responsable da entidade

DOCUMENTOS  
DE TRABALLO  
**CCG**



Fonte: Elaboración propia

Por tamaño de hábitat, as persoas con cargo de responsabilidade que posúen estudos universitarios supoñen o 73,4% nas entidades situadas nas cidades e só baixan do 60% entre as situadas en municipios de 10.001 a 19.999 habitantes (52,9%). Tamén se aprecian diferenzas significativas en función do tipo de entidade, onde contan co dito nivel formativo o 88,2%

das persoas responsables de entidades de titularidade das administracións públicas, fronte ao 62,4% do segmento empresarial.

Por facturación, as persoas responsables con estudos universitarios acadan o 89% nas que en 2021 chegaron ou superaron o medio millón de euros, valor que nos tres treitos económicos inferiores oscila entre o 61,4% e o 69,7%. Pero é unha vez máis no cruzamento por actividades específicas onde se observan as maiores diferenzas. De feito, é a través desta clasificación onde se atopa o único segmento en que non predominan responsables con estudos superiores. É o caso das entidades dedicadas ás artes gráficas e actividades relacionadas (o 31,5% están dirixidas por persoas con estudos universitarios e o 37% por técnicos/as superiores de FP). Noutros segmentos como o do comercio de libros, o da música e o de teatro, a porcentaxe de universitarios á fronte destas entidades é a resposta máis habitual, se ben con porcentaxes por debaixo do 50%.

Fronte a estes segmentos, cómpre destacar, con porcentaxes de responsables con estudos universitarios por riba do 80%, os das bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas (92,8%), a educación cultural (92,2%), a edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas (82,5%) e os museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural (81,9%).

#### Nivel de estudos da persoa responsable da entidade

	Primarios <sup>10)</sup>	Secundarios <sup>11)</sup>	Técnico Superior <sup>12)</sup>	Universitarios <sup>13)</sup>	Ns/Nc
<i>Hábitat</i>					
Menos de 10.000 hab.	2,0	9,1	22,7	64,3	1,9
De 10.001 a 19.999 hab.	2,7	22,2	21,3	52,9	0,9
De 20.000 a 49.999 hab.	5,6	19,8	9,2	62,9	2,5
50.000 hab. ou máis	1,3	9,7	13,2	73,4	2,4
Total	2,1	12,2	15,0	68,5	2,2
<i>Tipo de entidade</i>					
Empresas	2,9	15,5	17,0	62,4	2,2
Administracións públicas	0,4	2,8	6,2	88,2	2,3
Entidades sen ánimo de lucro	0,3	6,4	14,4	77,2	1,7
Total	2,1	12,2	15,0	68,5	2,2
<i>Facturación en 2021</i>					
Menos de 50.000 €	2,8	12,7	20,0	63,7	0,9
De 50.000 a 149.999 €	0,2	11,2	15,8	69,7	3,1
De 150.000 a 499.999 €	3,8	16,9	16,1	61,4	1,7

<sup>10</sup> Primarios: EXB, Primaria, FP Básica.

<sup>11</sup> Secundarios: BUP, ESO, COU, FP Grao medio.

<sup>12</sup> Técnico Superior: FP Superior e equivalentes.

<sup>13</sup> Universitarios: Grao, Perito, Licenciatura, Doutoramento, Enxeñaría, Máster.

## DOCUMENTOS DE TRABALLO

500.000 € ou máis	2,2	5,7	1,7	89,0	1,4
Ns/Nc	1,1	10,9	10,0	71,6	6,3
Total	2,1	12,2	15,0	68,5	2,2
<i>Actividade específica</i>					
Artes gráficas e actividades relacionadas	5,5	24,7	37,0	31,5	1,4
Comercio de libros e publicacións periódicas	2,8	35,2	15,5	43,7	2,8
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	2,2	6,6	5,5	82,5	3,3
Audiovisual e actividades relacionadas	0,0	9,6	18,1	70,2	2,1
Artes visuais	2,3	12,5	14,8	69,3	1,1
Música	10,3	15,5	22,4	48,3	3,4
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	5,6	18,0	23,6	49,4	3,4
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	0,0	3,1	10,2	81,9	4,7
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	0,0	2,4	4,8	92,8	0,0
Educación cultural	0,0	1,6	4,7	92,2	1,6
Actividades das administracións públicas	1,6	6,3	12,5	73,4	6,3
Total	2,1	12,2	15,0	68,5	2,2

Fonte: Elaboración propia

## 16. Debilidades e fortalezas do sector cultural galego

Nesta edición do “Barómetro da cultura galega” quíxose recoller tamén a visión que os responsables das entidades enquisadas teñen sobre as principais dificultades ou puntos débiles que observan no sector cultural galego. Para iso formulouse unha pregunta de tipo aberto e espontáneo, é dicir, sen indicar unhas posibles categorías de resposta, de tal xeito que se recolleu a súa resposta literal (ata tres posibles aspectos) e posteriormente se procedeu á súa codificación en enunciados sintéticos que recollen baixo unha mesma “etiqueta” aquelas ideas similares expresadas dun xeito diverso.

### Principais dificultades ou puntos débiles do sector cultural en Galicia nestes momentos (resposta múltiple)

	Porcentaxe
Pandemia da COVID, restricións etc.	12,7
Escaseza de subvencións ou outras axudas	10,3
Falta de visibilidade, de promoción	10,2
Falta de investimento e financiación, pouco orzamento	10,0
Falta de apoio institucional, falta dunha política cultural axeitada	9,1
Mercado reducido, pouca demanda / Exceso de oferta en relación coa demanda	6,4
Situación económica, suba dos prezos etc.	5,8
Pouco interese na cultura, pouco valorada socialmente	5,1

## DOCUMENTOS DE TRABALLO

Escasa oferta cultural en galego, pouca programación, falta de variedade	3,4
Falta de persoal cualificado, pouca profesionalización	2,6
Pouco uso do galego (especialmente nas cidades e na xente nova)	2,5
Dificultades para tramitar as axudas subvencións / As axudas son sempre para determinado tipo de proxectos/entidades	2,4
Falta de inclusión da cultura galega no ensino dos nenos	2,4
Atomización empresarial, pequeno tamaño das empresas culturais	2,2
Precariedade laboral no sector	2,2
Falta de orientación cara a fóra de Galicia / Falta de internacionalización	1,8
Sector moi subvencionado / Excesiva dependencia da Administración	1,7
Carencia de infraestruturas culturais	1,7
Outras respostas	13,5
Ns/Nc	20,8

Fonte: Elaboración propia

Unha primeira ollada á táboa anterior permite comprobar que existe unha ampla diversidade. Pódese comprobar que cinco agrupacións de respostas destacan sobre as demais, acumulando porcentaxes arredor do 10%. En primeiro lugar, sitúase a que fai referencia ás consecuencias da pandemia sobre a actividade cultural (12,7%). Tras esta cuestión de tipo máis conxuntural, sitúanse as entidades que sinalan a escaseza de subvencións ou outras axudas (10,3%), as que apuntan a falta de visibilidade ou de promoción da produción cultural (10,2%) e as que destacan a falta de investimento e financiación ou orzamento (10%). Este grupo de principais debilidades do sector complétase coa referencia a unha falta de apoio institucional ou dunha política cultural axeitada (9,1%).

Tras estas cinco debilidades máis citadas, pódense citar, cando menos, as respostas con máis dun 5% das mencións, como son as que indican as dificultades propias dun mercado reducido, con pouca demanda ou exceso de oferta en relación coa demanda (6,4%), a situación económica e a suba dos prezos (5,8%) e a afirmación de que hai pouco interese na cultura, que está pouco valorada socialmente (5,1%).

A táboa seguinte indica outras dez categorías de resposta que conseguiron aglutinar cando menos un 1,5% de respostas, ao tempo que outro 13,5% identificou unha ampla gama de diversas debilidades que non acadaron esa porcentaxe. Ao interpretar estes datos cómpre ter en conta a amplitude e variedade do universo cultural galego, de xeito que, como se pode comprobar a continuación, mesmo o que para algúns pode supoñer unha debilidade para outros constitúe unha das súa principais fortalezas e viceversa.



**Principais puntos fortes ou factores máis positivos do sector cultural en Galicia actualmente (resposta múltiple)**

	Porcentaxe
O talento, a creatividade e a profesionalidade da xente que traballa no sector	22,4
A calidade, variedade ou amplitude da produción cultural galega	17,8
A riqueza do patrimonio, da tradición, da identidade, da lingua e da cultura galega	13
O apoio do público, a demanda de cultura en galego	5,4
O crecemento e proxección do sector audiovisual galego	4,5
A produción musical	4,1
O apoio das administracións públicas	3,4
A capacidade de resistencia dos creadores e empresas do sector	3,1
O dinamismo, a capacidade de innovación da oferta	2,7
A literatura galega, a produción literaria	2,0
As actividades relacionadas co Xacobeo ou co Camiño de Santiago	1,3
O sector das artes escénicas	1,2
O turismo cultural, a chegada de turistas interesados na nosa cultura	0,9
O impacto das Tanxugueiras	0,7
Outras respostas	17,0
Ns/Nc	27,6

Fonte: Elaboración propia

Para a identificación dos puntos fortes ou factores máis positivos da cultura galega na actualidade, empregouse o mesmo método de pregunta aberta e espontánea que para as debilidades. Neste caso as persoas enquisadas identifican de forma destacada o talento, a creatividade e a profesionalidade da xente que traballa no sector, concentrando a opinión do 22,4% da mostra.

En segundo lugar, a mención á calidade, variedade ou amplitude da produción cultural galega suma o 17,8% das mencións. En terceiro lugar sitúase a mención da riqueza do patrimonio, da tradición, da identidade, da lingua e da cultura galega (13%).

Outros factores destacados son a mención do apoio do público e a súa demanda de cultura en galego (5,4%), o crecemento e proxección do sector audiovisual galego (4,5%) ou a produción musical galega (4,1%).

### **17. Eventos e accións culturais máis destacadas da cultura galega en 2021**

Por último, solicitóuselles ás entidades do universo cultural galego que citasen, tamén en formato de pregunta aberta e espontánea, os que ao seu xuízo foron os tres eventos ou accións culturais máis destacadas de 2021.

**Os eventos ou accións culturais máis destacados na cultura galega en 2021 (resposta múltiple)**

	Porcentaxe
Eventos culturais do Xacobeo / Camiño de Santiago	22,9
A volta dos festivais de música	7,1
A candidatura das Tanxugueiras a Eurovisión	6,3
A presenza do audiovisual galego nos Goya e nos festivais internacionais	4,6
Culturalgal	3,9
Son do Camiño	2,7
Exposición <i>Faraón, Rei de Exipto</i>	2,3
Actos polo Día das Letras Galegas	1,7
Exposición de Peter Lindbergh	1,7
Exposición <i>As miradas de Isaac</i>	1,5
Premios Mestre Mateo	1,3
Festival de Cans	1,3
Festival Sinsal	1,2
Cineuropa	1,1
Orquestra Sinfónica de Galicia	1,0
O Marisquiño	1,0
Filme <i>Nación</i> de Margarita Ledo	0,9
Festival de la Luz	0,9
Festival PortAmérica	0,8
O país das bandas	0,7
O bono cultural da Xunta	0,7
Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia	0,7
Centenario do falecemento de Emilia Pardo Bazán	0,7
Filme <i>Cuñados</i>	0,7
Arde Lucus	0,6
Disco <i>Peixe</i> , de Xisco Feijóo	0,5
Real Filharmonía de Galicia	0,4
Festival de Cine de Ourense	0,4
Atlantic Fest	0,3
San Froilán	0,2
Outras respostas	26,7
Ns/Nc	36,6

Fonte: Elaboración propia

Neste senso, a xuízo das persoas entrevistadas, destaca de forma moi notoria o conxunto de actuacións ou iniciativas relacionadas co Xacobeo e co Camiño de Santiago (cítaas o 22,9% da mostra).

A segunda mención máis habitual fai referencia á volta dos festivais de música despois do parón imposto pola pandemia (7,1%). Ademais da categoría de resposta que alude de forma xenérica aos festivais, débese citar a mención específica de festivais —non incluídos na anterior porcentaxe— como o Son do Camiño, (2,7%), o Festival Sinsal (1,2%), o Festival de la Luz (0,9%), o PortAmérica (0,8%) ou o Atlantic Fest (0,3%).

Tras estas dúas primeiras categorías que engloban diversos eventos, comprobouse que o principal nome propio da cultura galega no ano 2021 é o das Tanxugueiras e a súa candidatura ao Festival de Eurovisión, que foi citada por un 6,3% das entidades.

Outro dos elementos destacados da cultura galega no 2021 pode atoparse na proxección nacional e internacional do audiovisual galego, cristalizado en eventos como a nominación dos profesionais galegos aos Premios Goya e a presenza de producións en diversos festivais (4,6%). Ademais desta categoría, rexistráronse tamén outras respostas relacionadas co audiovisual e que, pola súa importancia porcentual relativa, merecían constituír categorías específicas na recodificación das respostas espontáneas recibidas. É o caso do Festival de Cans ou os Premios Mestre Mateo (con cadanseu 1,3% de mención), o festival Cineuropa (1,1%), os filmes *Nación* (0,9%) e *Cuñados* (0,7%) ou o Festival de Cine de Ourense (0,4%).

Outras accións destacables no eido cultural en 2021 foron Culturgal (citada polo 3,9% da mostra), as exposicións na Cidade da Cultura *Faraón*, *Rei de Exipto* e *As miradas de Isaac* (2,3% e 1,5%, respectivamente) e a organizada sobre Peter Lindbergh (1,7%). Cómpre citar tamén a mención dos actos pola celebración do Día das Letras Galegas (1,7%).

O feito de que a codificación das respostas espontáneas a esta variable dese lugar a 30 categorías de resposta e, aínda así, quedase un 26,7% das respostas na categoría “outros” dá conta da riqueza e variedade das respostas.

### **Conclusiones**

Un 48,6% das entidades que compoñen a cultura galega (empresas, entidades sen ánimo de lucro e administración) tivo un ano 2021 mellor ou moito mellor que 2020, mentres que un 23,6% experimentou unha evolución peor ou moito peor. A visión que os seus responsables teñen da evolución da súa propia entidade é mellor que a percepción que teñen da evolución da economía en xeral ou do sector cultural en conxunto.

As entidades máis grandes en termos de ingresos son tamén as que tiveron un mellor ano. As actividades audiovisuais (cine, vídeo, radio, televisión e actividades relacionadas) son as que teñen un resultado máis positivo e as vinculadas coa música o máis negativo.

.....

En canto ás expectativas para 2022, aínda son mellores. Un 66,7% percibe que este será un ano mellor ou moito mellor para a cultura que o anterior. De feito, os directivos predín un ano máis positivo para a cultura que para a economía en xeral. Ao interpretar este dato, cómpre lembrar que unha porcentaxe similar de entidades partía dunha situación moi negativa motivada pola crise sanitaria. As actividades en que se percibe en maior medida o 2022 como un ano positivo son o teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas, os museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural e as bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas. Nas que hai maior pesimismo é nas dedicadas ao comercio de libros e publicacións periódicas.

Esta visión positiva está relacionada cos ingresos que tiveron as entidades e os que prevén ter, xa que un 43% aumentou en 2021 con respecto a 2020 a facturación (no caso das empresas) ou o orzamento (no caso das entidades sen ánimo de lucro e as administracións) e un 51% prevé que aínda siga crescendo en 2022. Tamén é destacable que un terzo preveña unha situación de estabilidade, sen crecemento nin descenso.

O incremento en 2021 foi maior entre as entidades máis grandes e entre as que desenvolven actividades relacionadas coas artes visuais (que inclúe pintura, escultura, fotografía, arquitectura, publicidade, deseño etc.), o audiovisual e a edición. As que peor 2021 tiveron foron as entidades dedicadas á música e ás artes gráficas e actividades relacionadas. En canto ás expectativas para 2022, precisamente a música xunto co teatro, danza e actividades auxiliares das artes escénicas son as que prevén maiores incrementos.

Outros indicadores positivos están relacionados coa suba que se entende que se vai producir na demanda de públicos, consumidores e usuarios, co consecuente incremento da produción que isto implica e no 51% das entidades que prevé facer algún tipo de investimento proximamente.

Un problema importante que xa viñan detectando as entidades en 2021 ten que ver co aumento dos custos e principalmente co incremento dos prezos das subministracións que precisan para a súa produción. O 45,7% das entidades entrevistadas afirma que experimentou un aumento significativo en 2021. A previsión para 2022 é de maiores subas de prezos.



Os custos incrementáronse dunha maneira moi importante nas artes gráficas e a previsión de encarecemento, malia ser xeneralizada, é maior neste subsector, así como no conxunto da edición, nas artes visuais e no teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas. En contraste con esta situación, só un 22,5% trasladou o ano pasado estes incrementos aos prezos que cobran polos produtos ou servizos que ofrecen, o que necesariamente implica falta de rendibilidade ou redución na capacidade de ofrecer servizos segundo sexa a natureza da entidade. En 2022, pese a que o 52,2% prevé non aumentar os prezos, máis dun terzo verase obrigado a facelo. Como resulta esperable, as entidades que en maior medida aumentarán os prezos son aquelas que maiormente veñen sufrindo eses incrementos nos seus insumos.

En canto ao emprego, predomina a estabilidade tanto no que aconteceu o ano pasado como no que se prevé que suceda durante o presente, cun 70% aproximadamente de entidades que non variaron nin pensan variar o seu cadro de persoal. Ademais, un 21,4% prevé aumentar o número de traballadores en 2022, sobre todo entre as entidades máis grandes e as que desenvolven actividades nas artes escénicas, musicais e audiovisuais. Segue tendo persoal en situación de teletraballo o 26,7% das entidades da cultura, con maior efecto nas cidades, nas entidades grandes e nas que desenvolven actividades de edición, artes visuais e audiovisuais. Un 77,1% dos que teñen implantado o traballo a distancia seguirá facéndoo no futuro. Malia que hai un 38,8% de entidades que non ten dificultades para contratar persoal, un 49% denuncia problemas para atopar profesionais. Existen máis dificultades para conseguir traballadores na música, nas artes gráficas e actividades relacionadas e no teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas.

Detectouse certo equilibrio de sexos nos cadros de persoal no conxunto da cultura, malia que a presenza feminina é maioritaria na Administración pública. Segundo a actividade, hai subsectores masculinizados, como o das artes gráficas e en menor medida o da música, e outros con predominio de mulleres, como o das bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas, o do comercio de libros e publicacións periódicas, o da edición e, en menor medida, o dos museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural. En contraste con isto, o 62,6% do total das entidades entrevis-

tadas están dirixidas por homes, que son maioría en xeral salvo na Administración, onde hai certo equilibrio. A predominancia é moi destacada no caso das artes escénicas e musicais, nas artes gráficas, no audiovisual e actividades relacionadas e, en xeral, nas entidades que teñen máis empregados. Estes directivos teñen unha idade media de 51 anos e unha alta formación.

En materia de subvencións, o 53,2% das entidades enquisadas solicitou algunha ao longo de 2021 e o 47,9% obtívola, polo que só a un 5,3% lle foi denegada. As contías tenden a ser pequenas, dado que o 52,6% percibiu menos de 10.000 euros e mesmo un 20,2% menos de 3000. Pese a isto, o apoio prestado polos distintos niveis da Administración pública non acada o aprobado, malia presentar diferenzas. A Administración estatal recibe a puntuación máis baixa, cun 3,21 sobre 10, e a máis alta, cun 4,74, a autonómica. A local recibe un 4,50. O apoio do Estado suspende en todas as actividades da cultura, pero o da comunidade autónoma é aprobado polo audiovisual, o teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas, os museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural, as bibliotecas e arquivos e servizos para ambos, a educación cultural e as actividades das administracións públicas. Os concellos e deputacións aproban entre as bibliotecas e arquivos, os museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural e entre as propias administracións públicas, se ben hai que ter en conta que neste último grupo se atopan moitos concellos.

Unicamente un 21,1% das entidades da cultura realizou algunha actividade específica dirixida a incrementar a súa notoriedade ou difusión no mercado internacional, destacando as entidades sen ánimo de lucro. Aínda son menos as entidades que destinan a metade ou máis da súa produción ao exterior, cun escaso 4,8%. En termos globais, as entidades máis orientadas ao mercado exterior son as relacionadas co audiovisual.

O 26,8% do persoal directivo indica que as accións ligadas ao Xacobeo en 2021 tiveron un efecto positivo na súa entidade e un 29,1 espera un impacto tamén positivo en 2022. Con todo, 7 de cada 10 non perciben ningún efecto. Observan maior influencia as administracións públicas, os museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural, e, en menor medida, as entidades vinculadas ao audiovisual e ao teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas.

.....

O 66,2% das entidades levou a cabo algunha acción relacionada coa publicidade e a comunicación dixital (incluídas as redes sociais) e un 50,3% prevé a produción/creación/venda de contidos dixitais. O ámbito onde se concentran menos esforzos en transformación dixital é o da formación do persoal. Os investimentos en dixitalización son maiores na Administración e nas entidades sen ánimo de lucro que nas empresas e destacan entre as entidades máis grandes, especialmente as que ingresan máis de 500.000 euros. Tamén se detectou un esforzo recente importante en materia de dixitalización entre as entidades dedicadas á educación cultural, quizás efecto da crise sanitaria.

A maioría da cultura xa se recuperou en termos de facturación ou orzamento (ou prevé recuperase en 2022) dos efectos da crise do coronavirus, incluído o 30,4% que nunca viu reducido os seus ingresos. Con todo, un terzo non pensa recuperarse ata 2023 ou máis tarde, polo que para estas entidades os efectos son severos. As entidades máis pequenas e as actividades relacionadas coas artes escénicas e musicais e as artes gráficas teñen máis dificultades para recuperarse das consecuencias da pandemia. As administracións públicas son ás que menos lles afectou a crise.

Os responsables das entidades tamén sinalaron as principais fortalezas e debilidades da cultura galega no momento de facer a enquisa. Precisamente, o problema máis citado é a pandemia e as restricións derivadas dela. Séguelle un grupo de respostas relacionadas coa falta de investimentos, recursos e subvencións e coa carencia de apoio institucional e dunha política cultural axeitada. Ademais, indícase a falta de visibilidade e de promoción da produción cultural. Outro grupo destacado de respostas sinala a existencia dun mercado cativo e falta de interese social. O último dos consensos aglutina outro problema conxuntural como é a crise económica e a suba de prezos. En canto ás fortalezas, destacan de maneira clara o talento, a creatividade e a profesionalidade da xente que traballa no sector. A segunda resposta, que tamén suscita un acordo destacable, é a que sinala a calidade, variedade e amplitude da produción cultural. Pechan as respostas máis destacadas aquelas referidas á riqueza do patrimonio, da tradición, da identidade, da lingua e da cultura galegas.

O informe remata cunha clasificación das accións e eventos culturais máis destacados da cultura galega o ano pasado ao xuízo dos responsables



das entidades da cultura en Galicia. Sobre todas destacan as respostas relacionadas cos eventos culturais do Xacobeo e, máis en xeral, co Camiño de Santiago. A segunda resposta con maior grao de consenso é a referida á volta dos festivais musicais en 2021. A terceira refírese á candidatura das Tanxugueiras a Eurovisión. A cuarta engloba respostas que destacan a presenza do audiovisual galego nos premios Goya e nos festivais internacionais. A quinta e a sexta son os eventos Culturgal e Son do Camiño. Seguen tres exposicións (*Faraón*, *Rei de Exipto*, a organizada sobre Peter Lindbergh e *As miradas de Isaac*) e os actos ao redor do Día das Letras Galegas. Ocupan os seguintes postos os Premios Mestre Mateo, os festivais de Cans e Sinsal, Cineuropa e as actuacións da Orquestra Sinfónica de Galicia. Completan as 20 primeiras posicións O Marisquiño, o filme *Nación* de Margarita Ledo, o Festival de la Luz e o PortAmérica e o programa “O país das bandas”. O resto de respostas máis frecuentes, que agrupan ata un total de 30 eventos e accións, foron o Bono Cultura da Xunta, a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, o centenario do falecemento de Emilia Pardo Bazán, o filme *Cuñados*, *Arde Lucus*, o disco *Peixe* de Xisco Feijóo, as actuacións da Real Filharmonía de Galicia, o Festival de Cine de Ourense, Atlantic Fest e o San Froilán.